

OBRADOIRO

DE ARTESANÍA



XUNTA
DE GALICIA





ARTESANÍA
DE GALICIA



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

P E N S A R
C O A S
M A N S

Exposición
12 abr—8 set 2019
Museo Centro Gaiás
cidadedacultura.gal

**cestería, cerámica
e xoiería de Galicia**

COLABORA

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:

Sumario

3 **Limiar**
Introducción
Introduction

7 **Premios Artesanía de Galicia 2018**
Artesanía de Galicia
Awards 2018



20 **A cerámica orgánica de Witchneeds**
A cerámica orgánica de Witchneeds
Organic ceramics from Witchneeds

30 **Lorenzo Design. Madeira para cocinas de vanguardia**
Lorenzo Design. Madera para cocinas de vanguardia
Lorenzo Design. Wood for Avant-Garde Kitchens



40 **Corzo Artesanía, catro xeracións de xastres do coiro**
Corzo Artesanía, cuatro generaciones de sastres del cuero
Corzo Artesanía, four generations of leather tailors



50 **Félix de Martín. A sombreirería como oficio**
Félix de Martín. La sombrerería como oficio
Félix de Martín. Millinery as a craft

60 **A formación como base para a renovación da artesanía galega. Axudas á formación da Xunta de Galicia**
La formación como base para la renovación de la artesanía gallega. Ayudas a la formación de la Xunta de Galicia
Training as a foundation for the modernisation of Galician craftsmanship
Xunta de Galicia training grants

66 **Miguel Ángel Tapia. Un continuador da imaxinaría castelá**
Miguel Ángel Tapia. Un continuador de la imagería castellana
Miguel Ángel Tapia. A successor of Castilian imagery



76 **O universo en papel**
El universo en papel
The universe on paper

80 **A xoiería minimalista de Milbrumas**
La joyería minimalista de Milbrumas
The universe on paper

84 **Oitenta. Deseño e produción artesanal**
Oitenta. Diseño y producción artesanal
Craft design and production

88 **Boina Galega. A boina como tendencia**
Boina Galega. La boina como tendencia
Boina Galega. Beret as a trend



93 **Artesanía de Galicia. Merca na rede**
Artesanía de Galicia. Compra en la red
Artesanía de Galicia. Buy online



Edición
Xunta de Galicia
Consellería de Economía, Emprego e Industria
Dirección Xeral de Comercio e Consumo

Fundación Artesanía de Galicia
L25MN Área Central
15707 Santiago de Compostela

Tel. 881 999 171
Fax 881 999 170

centro.artesania@xunta.gal
artesaniadegalicia.xunta.gal

f fcgadpage
t @fun_artesania
i artesania_de_galicia
p fcgad

Coordinación
Fundación Artesanía de Galicia

Redacción
María Guerreiro, Sara Donoso, DARDO

Fotografía
César Martín, Boquerón na feira,
La nevera 2000, Eduardo Armada,
DARDO e contribucións dos artesáns

Tradución
María Guerreiro, Vanesa Varela Espiñeira,
DARDO

Maquetación
DARDO | info@dardo.gal

D.L. C-4788-2008
ISSN 2529-9468

Limiar

“Estes contidos exemplifican o traballo realizado por Artesanía de Galicia, que ano a ano demostra a súa confianza no talento artesanal galego”

Con este novo número de *Obradoiro de Artesanía* achegámonos ao potencial de tantos artesáns e artesás que cada ano alimentan co seu traballo unha actividade en auge, que demostra a súa calidade e valor servindo de referencia a nivel nacional e internacional.

O sector continúa crescendo grazas á incorporación de novas xeracións que non só achegan outras miradas á industria artesanal galega, senón que garanten a continuidade e posta en valor da tradición. Neste sentido, iniciativas como as Axudas á formación da Xunta de Galicia ofrecen o marco perfecto para asegurar a transferencia de coñecemento e actualización dos oficios. Tras o éxito da edición anterior e unha segunda convocatoria que xa se puxo en marcha, estas axudas potencian a formación de mans de profesionais do sector á vez que supoñen un aliciente para a creación de novos talleres artesanais e a consolidación dos xa existentes.

Na liña da visibilización do sector, seguimos apostando pola asistencia a feiras de prestixio como Tent London ou Formex en Estocolmo que contribúen á internacionalización do produto artesanal galego nos principais escaparates do mundo.

Outra das apostas é a realización por terceiro ano consecutivo da Tenda *Pop up Galicia. Saberes e Sabores* en Madrid, unha iniciativa que se consolida, á vez que supón un evento con gran visibilidade e con gran potencial de negocio.

Tampouco descoidamos o ámbito local, con eventos de referencia como o *Corazón de artesanía. Encontro*



Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

de *artesanía tradicional e popular de Galicia* nos Pendellos de Agolada e, por suposto, os Premios Artesanía de Galicia que axudan á divulgación, promoción e formación do talento artesanal galego.

Neste novo número da revista viaxamos ata o taller vigués Witchneeds store, da ceramista Ana Tenorio, en quen este ano recaeu o Premio Artesanía de Galicia 2018 pola peza *O bosque interior*. Coñeceremos as posibilidades do enxoval en madeira da man de Lorenzo Design; a mestría de Corzo Artesanía, cuarta xeración de artesáns do coiro en Arzúa; e os segredos da sombreirería con Félix de Martín.

Alégranos, ademais, recoller o traballo de talleres que se incorporaron recentemente á marca e que supoñen un novo estímulo para Artesanía de Galicia: as irmás de Anaquiños de papel, gañadoras do Premio Bolsa Eloy Xesto 2018; a marca de xoiería Milbrumas; o estudo de deseño Oitenta e a firma Boina galega. Por último, co obxectivo de xerar un sector competente e adaptado ás demandas da sociedade actual, a sección “Artesanía de Galicia. merca na rede” ofrece unha mostra daqueles talleres que contan cun mercado *online*.

Estes contidos exemplifican o traballo realizado por Artesanía de Galicia, que ano a ano demostra a súa confianza no talento artesanal galego a través da divulgación e posta en marcha de diferentes iniciativas. Son tamén moitas as persoas, artesáns e artesás, que co seu traballo diario e creatividade dan a coñecer a Marca Galicia, sendo capaces de traspasar fronteiras sen esquecer a súa esencia.

Introducción



Con este nuevo número de *Obradoiro de Artesanía* nos acercamos al potencial de tantos artesanos y artesanas que cada año alimentan con su trabajo una actividad en auge, que demuestra su calidad y valor sirviendo de referencia a nivel nacional e internacional.

El sector continúa creciendo gracias a la incorporación de nuevas generaciones que no solo aportan otras miradas a la industria artesanal gallega, sino que garantizan la continuidad y puesta en valor de la tradición. En este sentido, iniciativas como las Ayudas a la formación de la Xunta de Galicia ofrecen el marco perfecto para asegurar la transferencia de conocimiento y actualización de los oficios. Tras el éxito de la edición anterior y una segunda convocatoria que ya se ha puesto en marcha, estas ayudas potencian la formación de manos de profesionales del sector al tiempo que suponen un aliciente para la creación de nuevos talleres artesanales y la consolidación de los ya existentes.

En la línea de la visibilización del sector, seguimos apostando por la asistencia a ferias de prestigio como Tent London o Formex en Estocolmo que contribuyen a la internacionalización del producto artesanal gallego en los principales escaparates del mundo.

Otra de las apuestas es la realización por tercer año consecutivo de la *Tienda Pop up Galicia. Saberes y Sabores* en Madrid, unha iniciativa que se consolida, a la vez que supone un evento con gran visibilidad y con gran potencial de negocio.

Tampoco descuidamos el ámbito local, con eventos de referencia como el *Corazón de artesanía. Encontro*

da artesanía tradicional e popular de Galicia en Os Pendellos de Agolada y, por supuesto, los Premios Artesanía de Galicia que ayudan a la divulgación, promoción y formación del talento artesanal gallego.

En este nuevo número de la revista viajamos hasta el taller vigués Witchneeds store, de la ceramista Ana Tenorio, en quien este año ha recaído el Premio Artesanía de Galicia 2018 por la pieza *El bosque interior*. Conoceremos las posibilidades del menaje en madera de la mano de Lorenzo Design; la maestría de Corzo Artesanía, cuarta generación de artesanos del cuero en Arzúa; y los secretos de la sombrerería con Félix de Martín.

Nos alegra, además, recoger el trabajo de talleres que se han incorporado recientemente a la marca y que suponen un nuevo estímulo para Artesanía de Galicia: las hermanas de Anaquiños de papel, ganadoras del Premio Beca Eloy Gesto 2018; la marca de joyería Milbrumas; el estudio de diseño Oitenta y la firma Boina galega. Por último, con el objetivo de generar un sector competente y adaptado a las demandas de la sociedad actual, la sección "Artesanía de Galicia. Compra en la red" ofrece una muestra de aquellos talleres que cuentan con un mercado *online*.

Estos contenidos ejemplifican el trabajo realizado por Artesanía de Galicia, que año a año demuestra su confianza en el talento artesanal gallego a través de la divulgación y puesta en marcha de diferentes iniciativas. Son también muchas las personas, artesanos y artesanas, que con su trabajo diario y creatividad dan a conocer la Marca Galicia, siendo capaces de traspasar fronteras sin olvidar su esencia.

Introduction

“Estos contenidos ejemplifican el trabajo realizado por Artesanía de Galicia, que año a año demuestra su confianza en el talento artesanal gallego”

“These contents exemplify the work carried out by Artesanía de Galicia, which demonstrates year after year its confidence in Galician craft talent”

This new issue of *Obradoiro de Artesanía* brings us closer to the potential of so many craftsmen and craftswomen who every year feed a flourishing activity with their work, which proves its quality and value serving as a reference at a national and international level.

The sector continues to grow thanks to the incorporation of new generations that not only provide other views to the Galician craft industry, but also ensure the continuity and value of tradition. In this sense, initiatives such as the Training Grants of the Xunta de Galicia provide the perfect framework to ensure the transfer of knowledge and updating of crafts. After the success of the previous edition and of the second edition that has already been launched, these grants enhance the training of professionals in the sector while providing an incentive for the creation of new craft workshops and the consolidation of those already existing.

Along the lines of visibility of the sector, we continue to support the assistance to prestigious fairs such as Tent London or Formex in Stockholm that contribute to the internationalisation of Galician artisanal products in the world's main showcases.

For the third consecutive year, the *Pop-Up Galicia Store. Saberes y Sabores* in Madrid has also been set up: an event that consolidates and at the same time is highly visible with great business potential.

Nor do we neglect the local sphere with leading events such as *Corazón da artesanía. Encontro da*



artesanía tradicional e popular de Galicia in Os Pendellos in Agolada and obviously, The Artesanía de Galicia Awards, which contribute to the dissemination, promotion and training of Galician craft talent.

In this new issue of the magazine we travelled to the Vigo workshop Witchneeds store, owned by ceramist Ana Tenorio, winner of the Artesanía de Galicia 2018 Award for the piece *El bosque interior*. We will learn about the possibilities of wooden kitchenware from Lorenzo Design; the expertise of Corzo Artesanía, the fourth generation of leather craftsmen in Arzúa; and the secrets of hat making with Félix de Martín.

We are also glad to collect the work of workshops that have recently joined the brand and that represent a new motivation for Artesanía de Galicia: the sisters of Anaquiños de papel, winners of the Eloy Gesto 2018 Scholarship Award; the jewellery brand Milbrumas; the design studio Oitenta and the firm Boina galega. Finally, in order to develop a competent sector adapted to the demands of modern society, the section "Artesanía de Galicia. Buy online" offers a sample of those workshops that have an online market.

These contents exemplify the work carried out by Artesanía de Galicia, which demonstrates year after year its confidence in Galician craft talent through the dissemination and implementation of different initiatives. There are also many people, craftsmen and craftswomen, whose daily work and creativity make the Galicia Brand known, being able to cross borders without forgetting its essence.



Premios Artesanía de Galicia 2018

A sala Cinc da Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela) quedou pequena o pasado 17 de decembro para celebrar a entrega dos Premios Artesanía de Galicia 2018, uns galardóns cos que a Consellería de Economía, Emprego e Industria busca recoñecer a creatividade e a innovación dos artesáns galegos. Emoción, talento, humildade e creatividade foron os catro elementos que resumiron unha cerimonia ateigada de profesionais da artesanía galega e que cada ano se consolida como a grande cita lúdica do sector. Un punto de encontro e homenaxe ao traballo dos compañeiros de profesión pero tamén unha escusa para reunirse e compartir experiencias entre colegas que viven lonxe uns dos outros e que, en moitas ocasións, pasan a súa xornada laboral na soidade dos seus talleres.

Estes Premios de Artesanía naceron do compromiso da Xunta de Galicia coa artesanía galega e co

obxectivo de visibilizar a súa importancia social, patrimonial e económica. Ao mesmo tempo, afiánzase un sector artesán competitivo, consolídase o compromiso e prestixio da marca Artesanía de Galicia e poténciase a innovación e a cooperación con outros sectores produtivos.

Como cada ano, a Consellería de Economía, Emprego e Industria busca protexer e darlle prestixio aos oficios artesáns de Galicia, recoñecendo a creatividade das empresas artesanais, así como a adaptación ás tendencias de mercado e a súa aposta pola innovación.

Na súa intervención, o conselleiro lembrou o labor dos artesáns, fundamental para poñer en valor a tradición e a cultura, e que ten tamén un importante papel na actividade económica, contribuíndo á creación de emprego e riqueza e diversificando o rural galego.

Premios Artesanía de Galicia 2018

La sala Cinc de la Ciudad de la Cultura de Galicia (Santiago de Compostela) se quedó pequeña el pasado 17 de diciembre para celebrar la entrega de los Premios Artesanía de Galicia 2018, unos galardones con los que la Consellería de Economía, Empleo e Industria busca reconocer la creatividad y la innovación de los artesanos gallegos. Emoción, talento, humildad y creatividad fueron los cuatro elementos que resumieron una ceremonia llena de profesionales de la artesanía gallega y que cada año se consolida como la gran cita lúdica del sector. Un punto de encuentro y homenaje al trabajo de los compañeros de profesión, pero también una excusa para reunirse y compartir experiencias entre colegas que viven lejos unos de otros y que, en muchas ocasiones, pasan su jornada laboral en la soledad de sus talleres.

Estos Premios de Artesanía nacieron del compromiso de la Xunta de Galicia con la artesanía gallega y con el objetivo de visibilizar su importancia social, patrimonial y económica. Al mismo tiempo, se afianza un sector artesano competitivo, se consolida el compromiso y prestigio de la marca Artesanía de Galicia y se potencia la innovación y la cooperación con otros sectores productivos.

Artesanía de Galicia Awards 2018

The Cinc Room at Cidade da Cultura de Galicia (Santiago de Compostela) was too small on December 17 last year to celebrate the award ceremony of the Artesanía de Galicia Awards 2018 — where the Consellería de Economía, Emprego e Industria seeks to recognize the creativity and innovation of Galician artisans. Emotion, talent, humility and creativity were the four elements that summed up the ceremony celebrating professionals of the Galician crafts, that consolidates itself as the great recreational appointment of the sector every year. The annual event is a meeting point and tribute to the work of fellow professionals, but also an excuse to meet and share experiences among colleagues who live far away from each other. Professionals who, on many occasions, spend their working day in the solitude of their workshops.

These Artesanía Awards were born from the commitment to the Galician craftsmanship by Xunta de Galicia with the objective to make its social, patrimonial and economic importance more visible. At the same time, a competitive craft sector is consolidated. The commitment and prestige of the Artesanía de Galicia brand is consolidated and innovation and cooperation with other productive sectors is promoted.



O conselleiro de Economía, Emprego e Industria salientou que a Xunta está comprometida con este colectivo, apostando polo talento, a formación, a innovación, a comercialización e a internacionalización. Entre outras iniciativas, está o programa para impulsar a remuda xeracional, coa incorporación de aprendices para formarse nos obradoiros.

A cerimonia estivo dirixida pola presentadora Belén Xestal, que lucía a xoia gañadora do Premio Artesanía de Galicia 2017, o colar *A cunca en minifundio*, realizada por Rodrigo Riveiro, do obradoiro Ferraxe Prata. O primeiro dos recoñecementos foi a Bolsa Eloy Gesto, que recaeu en Cristina Velasco, do obradoiro coruñés especializado en papiroflexia Anaquiños de Papel, dotado con 4.000 euros para investir en formación. O galardón foi entregado pola directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez, e pola artesá Leonor Beiroa, viúva do ourive compostelán Eloy Gesto, que lle da nome a esta categoría. A través da Bolsa Eloy Gesto a Xunta busca potenciar o relevo xeracional no sector, o acceso de novos talentos á artesanía e a súa profesionalización. Anaquiños de

Papel é o proxecto de Cristina e da súa irmá Beatriz creado no ano 2012 como un estudio de deseño e creatividade no que a materia prima que empregan é o papel. Nun primeiro momento comezou con un pasatempo. Cristina era avogada e Beatriz arquitecta pero compartían a paixón pola decoración de interiores e pola creación de figuras de origami que amosaban no seu blog. Moi rapidamente comezaron os encargos e o pasatempo converteuse nunha parte fundamental das súas vidas.

Flores, animais, tocados, lámpadas... son algúns dos obxectos que crean no seu estudio empregando técnicas coma o origami (arte xaponesa de dobrar papel) e o paperart. Ademais da súa faceta artesanal, en 2014 comezaron a impartir obradoiros de origami tanto para particulares como para empresas. Obradoiros deseñados ao milímetro para que no tempo que duran a xente aprenda, se divirta e disfrute dos beneficios que ten na saúde a práctica do origami. Cristina Velasco, que acudiu soa á cerimonia mentres a súa irmá quedaba a traballar no taller, agradeceu a oportunidade e os novos camiños que se lle abrían para seguir medrando como profesionais e como empresa.



Como cada año, la Consellería de Economía, Empleo e Industria busca proteger y otorgar prestigio a los oficios artesanos de Galicia, reconociendo la creatividad de las empresas artesanales, así como la adaptación a las tendencias de mercado y su apuesta por la innovación.

En su intervención, el conselleiro recordó la labor de los artesanos, fundamental para poner en valor la tradición y la cultura, y que tiene también un importante papel en la actividad económica, contribuyendo a la creación de empleo y riqueza y diversificando el rural gallego.

El conselleiro de Economía, Empleo e Industria destacó que la Xunta está comprometida con este colectivo, apostando por el talento, la formación, la innovación, la comercialización y la internacionalización. Entre otras iniciativas, está el programa para impulsar la renovación generacional, con la incorporación de aprendices para formarse en los talleres.

La ceremonia estuvo dirigida por la presentadora Belén Xestal, que lucía la joya ganadora del Premio Artesanía de Galicia 2017, el collar *A cunca en minifundio*, realizada por Rodrigo Riveiro, del obradoiro Ferraxe Prata. El primero de los reconocimientos fue la Beca Eloy Gesto, que recayó en Cristina Velasco, del taller coruñés especializado en papiroflexia Anaquiños de papel dotado con 4.000 euros para invertir en formación.

As every year, the Consellería de Economía, Emprego e Industria seeks to protect and give prestige to the craft trades of Galicia, recognizing the creativity of craft companies as well as the adaptation to market trends and their commitment to innovation.

In his speech, the regional minister recalled the work of artisans essential to enhance tradition and culture. Also stating that it has an important role in economic activity, contributing to the creation of employment and wealth, and in diversifying rural Galicia.

The regional minister of the Consellería de Economía, Emprego e Industria stressed that the Xunta is committed to this group; betting on talent, training, innovation, commercialization and internationalisation. Among other initiatives is the programme to promote generational renewal, with the incorporation of apprentices to be trained in workshops.

The ceremony was directed by the presenter Belén Xestal, who wore the jewel that won the Artesanía de Galicia Award in 2017 — the necklace *A cunca en minifundio*, by Rodrigo Riveiro, from the Ferraxe Prata workshop. The first recognition was the Eloy Gesto Scholarship Award which went to Cristina Velasco, from the A Coruña workshop specialising in origami Anaquiños de Papel, endowed with 4,000 euros to invest in training. The award was presented by the general director of the Dirección Xeral de Comercio



Premios Artesanía de Galicia 2018

PREMIO ARTESANÍA DE GALICIA ARTESANÍA DE GALICIA AWARD

O bosque interior.

Ana Tenorio. Witchneeds

Proxecto de cerámica | Proyecto de cerámica
| Ceramic project . Vigo (Pontevedra)

PREMIO TRAXECTORIA PREMIO TRAYECTORIA CAREER AWARD

Manuel Castro Romero “Lolo”

Torneiro das Pontes | Tornero de As Pontes
| As Pontes lathe operator
As Pontes (A Coruña)

BOLSA ELOY GESTO BECA ELOY GESTO ELOY GESTO SCHOLARSHIP AWARD

Anaquiños de papel

Obradoiro especializado en papiroflexia
| Taller especializado en papiroflexia
| Workshop specialising in origami.
A Coruña





El premio fue entregado por la directora general de Comercio y Consumo, Sol Vázquez, y por la artesana Leonor Beiroa, viuda del joyero compostelano Eloy Gesto, que le da nombre a esta categoría. A través de la Beca Eloy Gesto la Xunta busca potenciar el relevo generacional en el sector, el acceso de nuevos talentos a la artesanía y su profesionalización. Anaquiños de papel es el proyecto de Cristina y de su hermana Beatriz creado en el año 2012 como un estudio de diseño y creatividad en el que la materia prima que emplean es el papel. En un primer momento comenzó como un pasatiempo. Cristina era abogada y Beatriz arquitecta pero compartían su pasión por la decoración de interiores y por la creación de figuras de origami que mostraban en su blog. Muy rápidamente comenzaron los encargos y el pasatiempo se convirtió en una parte fundamental de sus vidas.

Flores, animales, tocados, lámparas... son algunos de los objetos que crean en su estudio empleando técnicas como el origami (arte japonés de doblar papel) y el paperart. Además de su faceta artesanal, en 2014 comenzaron a impartir talleres de origami tanto para particulares como para empresas. Talleres diseñados al milímetro para que en el tiempo que duran la gente aprenda, se divierta y disfrute de los beneficios que tiene en la salud la práctica del origami. Cristina Velasco, que acudió sola a la ceremonia mientras su hermana se quedaba a trabajar en el taller, agradeció la oportunidad y los nuevos caminos que se le abrían para seguir creciendo como profesionales y como empresa.

e Consumo, Sol Vázquez, and by the craftswoman Leonor Beiroa, widow of the Compostelan goldsmith Eloy Gesto, after whom this category is named.

With the Eloy Gesto Scholarship Award, Xunta seeks to promote generational change in the sector, the access of new talents to crafts and their professionalisation. Anaquiños de Papel is the project of Cristina and her sister Beatriz created in 2012 as a design and creativity studio in which the raw material they use is paper. At first, it started as a hobby. Cristina was a lawyer and Beatriz was an architect but through their shared a passion for interior decoration and for the creation of origami figures that they showed in their blog, they quickly started the commissions and the hobby became a fundamental part of their lives.

Flowers, animals, headdresses and lamps are some of the objects they create in their studio using techniques such as origami (Japanese art of folding paper) and paper art. In addition to their artisan side, in 2014 they began to teach origami workshops for both individuals and companies. Workshops designed to the millimetre to ensure class-time is maximised to ensure that people learn, have fun and enjoy the benefits that have in their health the practice of origami. Cristina Velasco, who attended the ceremony alone while her sister was working in the workshop, thanked the opportunity and the new paths that opened up for them to continue growing as professionals and as a company.

Por outra banda, o Premio Traxectoria ten carácter honorífico e trátase dun recoñecemento proposto polo propio sector. O homenaxeado este ano é Manuel Castro Romero "Lolo", torneiro das Pontes, cuxa candidatura foi presentada pola Asociación Galega de Artesáns (AGA) e o premio foi entregado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria. Este artesán conta con 55 anos dedicado a un oficio con longa tradición na súa familia. Trátase dun dos mellores torneiros de madeira de Europa, que segue a ter un papel fundamental na divulgación e na transmisión do oficio do torneado de madeira, así como no fomento da remuda xeracional no sector. Durante a súa intervención, Lolo Castro destacou pola súa humildade e insistiu en que se trataba dun recoñecemento que non lle correspondía a el só senón que se ampliaba a todo o sector da tornería en Galicia. Destacou o oficio da tornería en Galicia, falou do seu coñecemento do oficio tradicional e de como intenta transmitirlo porque antes se lle daba importancia a cousas que agora non se teñen en conta coma o momento no que se cortan as madeiras para que funcionen mellor nas pezas. Lembrou ao seu pai, ao que el cre que conseguiu igualar pero non superar, e dixo que era un artesán completo, que controlaba varios oficios ademais do da tornería.

Manolo González, presidente de AGA, presentou a Lolo Castro coma un "tesouro vivo de Galicia", utilizando o concepto da UNESCO, posto que entende que este Premio Traxectoria debe ser unha homenaxe e un recoñecemento a todos os tesouros vivos que conservamos en Galicia.

O último dos galardóns en coñecerse foi o Premio Artesanía de Galicia 2018, dotado con 6.000 euros. Recae en Ana Tenorio, do obradoiro vigués Witchneeds, pola súa obra *O bosque interior*, un xogo de café que reflexiona sobre a interacción coa natureza. O galardón foi entregado polo presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, a unha emocionada Ana Tenorio que quixo dedicarlle o premio a "todos os artesáns que traballan cada día na soidade dos seus talleres", loitando por sacar adiante proxectos coma o dela, "peleando por vender pezas, que é o que nos toca aos artesáns", comentou.

O Premio Artesanía de Galicia está dirixido a obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Prémíase a obra que represente as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual, como son o deseño, a adaptación ou a conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da artesanía galega, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación e a boa calidade da obra.

Witchneeds é un proxecto de cerámica co que Ana Tenorio busca devolverlle aos obxectos a súa singularidade, así como recuperar a humanización nos procesos de creación, con tempos máis lentos e naturais, manténdose nunha produción manual controlada e de calidade, "que se afasta da perfección e do traballo industrial seriado e sen alma".

Por otro lado, el Premio Traxectoria tiene carácter honorífico y se trata de un reconocimiento propuesto por el propio sector. El homenajeado este año es Manuel Castro Romero "Lolo", tornero de As Pontes, cuya candidatura fue presentada por la Asociación Gallega de Artesanos (AGA) y el premio fue entregado por el conselleiro de Economía, Empleo e Industria. Este artesano cuenta con 55 años dedicado a un oficio con larga tradición en su familia. Se trata de uno de los mejores torneros de madera de Europa, que sigue teniendo un papel fundamental en la divulgación y en la transmisión del oficio de torneado de madera, así como en el fomento de la renovación generacional en el sector. Durante su intervención, Lolo Castro destacó por su humildad e insistió en que se trataba de un reconocimiento que no le correspondía a él solo sino que se ampliaba a todo el sector de la tornería en Galicia. Destacó el oficio de la tornería en Galicia, habló de su conocimiento del oficio tradicional y de cómo se intenta transmitir porque antes se le daba importancia a las cosas que ahora no se tienen en cuenta, como el momento en el que se cortan las maderas para que funcionen mejor en las piezas. Recordó a su padre, al que cree que consiguió igualar pero no superar, y dijo que era un artesano completo, que dominaba varios oficios además del de la tornería.

Manolo González, presidente de AGA, presentó a Lolo Castro como un "tesoro vivo de Galicia", utilizando el concepto de la UNESCO, puesto que entiende que este Premio Traxectoria debe ser un homenaje y un reconocimiento a todos los tesoros vivos que conservamos en Galicia.

The Career Award, which has honorific character and is a recognition proposed by the sector itself, is Manuel Castro Romero "Lolo", As Pontes lathe operator. His candidacy was presented by the Asociación Galega de Artesáns (AGA) and the award was introduced by the Conselleiro de Economía, Emprego e Industria. The craftsman has dedicated 55 years to a trade with a long tradition in his family. He is one of the best lathe operators in Europe, who continues to play a fundamental role in the dissemination and transmission of the wood turning trade, as well as in the promotion of generational change in the sector.

During his speech, Lolo Castro stood out for his humility and insisted that it was a recognition that did not correspond to him alone but was extended to the whole sector of lathe in Galicia. He highlighted the lathe trade in Galicia, speaking of his knowledge of the traditional trade and how he tries to transmit it, because before importance was given to things that are not taken into account now as the time when the woods are cut so that they work better in the pieces. He remembered his father, who he described as a complete craftsman that controlled several trades in addition to lathe. He believes that he managed to equal him, but not surpass him.

Manolo González, president of AGA, presented Lolo Castro as a "living treasure of Galicia." González used the UNESCO concept as he understands that this Career Award should be a tribute and recognition to all the living treasures that we conserve in Galicia.



"O bosque interior"

"O bosque interior" é un xogo de café realizado en cerámica que representa o bosque esencial como tributo á natureza, dende a humildade de recoñecernos pequenos perante a súa cativadora beleza, libre de regras e de ditados, onde sentirnos parte dese algo superior, ese "absoluto" que se oculta e se preserva na natureza. A obra nace dunha necesidade de buscar un espazo de reflexión sobre a nosa interacción coa natureza, coa intención de tomar conciencia e de destacar a súa fragilidade e a súa beleza. Con esta obra a artesá proponnos adentrarnos no bosque, habitalo, levalo no noso interior.

Todo nesta obra está estudado, aínda que non se evidencia en aparencia, dende o seu deseño e a súa concepción, pasando pola busca e pola utilización de cada material, para destacar a singularidade e resaltar a beleza e a fragilidade do bosque.

Na súa execución emprégase o azar como medio de expresión no traballo manual, xa que lonxe de pretender visualizar a man creadora, déixase que fale a natureza do propio material, que se impón impregnando de alma e de esencia vital cada peza.

Acorde coa proposta conceptual da volta á orixe, a rusticidade dos materiais e os seus acabados conéctannos coa nosa parte máis primitiva e rememoran as nosas orixes como seres humanos, remitennos á nosa propia esencia máis natural.

Deste xeito, as pezas, sen decoración, sinxelas, de aspecto rústico e irregulares, realízanse a man deliberadamente. Trabállase a arxila como se faría no principio dos tempos, sen apenas máis ferramentas que as mans e a mirada que, actuando conxuntamente, "senten" cada peza sen recorrer ao torno, ao molde ou a outras técnicas da cerámica.

As pezas que conforman o xogo de café son 6 tazas diferentes de arxila refractaria con cadanseus pratos e removedores de porcelana. Complétase cunha cafeteira, unha leiteira e un azucreiro (con culler de porcelana). Inclúese un prato grande de porcelana como peza de soporte destas últimas, que se pode utilizar á súa vez como bandexa para levar outras pezas do xogo ou para servir un biscoito ou acompañante.

El último de los galardones en conocerse fue el Premio Artesanía de Galicia 2018, dotado con 6.000 euros. Recayó en Ana Tenorio, del taller vigués Witchneeds, por su obra *O bosque interior*, un juego de café que reflexiona sobre la interacción con la naturaleza. El galardón fue entregado por el presidente del Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, a una emocionada Ana Tenorio que quiso dedicarle el premio a “todos los artesanos que trabajan cada día en la soledad de sus talleres”, luchando por sacar adelante proyectos como el de ella, “peleando por vender piezas, que es lo que nos toca a los artesanos”, comentó.

El Premio Artesanía de Galicia está dirigido a talleres artesanos inscritos en el Registro General de Artesanía de Galicia. Se premia la obra que represente las líneas deseadas para una artesanía competitiva en el mercado actual, como son el diseño, la adaptación o la conservación de las técnicas y valores tradicionales más característicos de la artesanía gallega, la incorporación a las tendencias actuales, la innovación y la buena calidad de la obra.

Witchneeds es un proyecto de cerámica con el que Ana Tenorio busca devolverle a los objetos su singularidad, así como recuperar la humanización en los procesos de creación, con tiempos más lentos y naturales, manteniéndose en una producción manual controlada y de calidad, “que se aleja de la perfección y del trabajo industrial seriado y sin alma”.

The last award to be known was the Artesanía de Galicia Award 2018, endowed with 6,000 euros, which goes to Ana Tenorio, from the Witchneeds workshop in Vigo. Tenorio was recognised for her work *O bosque interior*, a coffee set that reflects on the interaction with nature. The award was presented by the president of the Galician Parliament, Miguel Santalices, to an excited Ana Tenorio. She dedicated the award to “all the artisans who work every day in the solitude of their workshops,” fighting to move forward project like hers. “fighting to sell pieces, which is what we artisans are,” she said.

The Artesanía de Galicia Award is aimed at artisan workshops registered in the General Handicraft Register of Artesanía de Galicia. It awards the work that represents the desired lines for competitive craftsmanship in the current market. This includes the design, adaptation or conservation of traditional techniques, and values more characteristics of Galician craftsmanship, incorporation into current trends, innovation and quality of work.

Witchneeds is the ceramic project with which Ana Tenorio seeks to give singularity back to her objects. She also aims to recover the humanisation in the processes of creation, with slower and natural times, remaining in a controlled manual production. Along with seeking a quality that moves away from perfection and from the serial industrial work without soul.

“O Premio Artesanía de Galicia está dirixido a obradoiros artesanás inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. Prémiasse a obra que represente as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual...”



“El Premio Artesanía de Galicia está dirigido a talleres artesanos inscritos en el Registro General de Artesanía de Galicia. Se premia la obra que represente las líneas deseadas para una artesanía competitiva en el mercado actual...”

“El bosque interior”

El “bosque interior” es un juego de café realizado en cerámica que representa el bosque esencial como tributo a la naturaleza, desde la humildad de reconocernos pequeños ante su cautivadora belleza, libre de reglas y de dictados, donde sentirnos parte de ese algo superior, ese “absoluto” que se oculta y se preserva en la naturaleza. La obra nace de una necesidad de buscar un espacio de reflexión sobre nuestra interacción con la naturaleza, con la intención de tomar conciencia y de destacar su fragilidad y belleza. Con esta obra la artesana nos propone adentrarnos en el bosque, habitarlo, llevarlo en nuestro interior.

Todo en esta obra está estudiado, aunque no se evidencia en apariencia, desde su diseño y su concepción, pasando por la búsqueda y por la utilización de cada material, para destacar la singularidad y resaltar la belleza y la fragilidad del bosque.

En su ejecución se emplea el azar como medio de expresión en el trabajo manual, ya que lejos de pretender visualizar la mano creadora, se deja que hable la naturaleza de su propio material, que se impone impregnando de alma y de esencia vital cada pieza.

Acorde con la propuesta conceptual de vuelta al origen, la rusticidad de los materiales y sus acabados nos conectan con nuestra parte más primitiva y recuerdan nuestros orígenes como seres humanos, nos remiten a nuestra propia esencia más natural.

De esta forma, las piezas, sin decoración, sencillas, de aspecto rústico e irregulares, se realizan a mano deliberadamente. Se trabajan la arcilla como se haría en el principio de los tiempos, sin apenas más herramientas que las manos y la mirada que, actuando conjuntamente, “sienten” cada pieza sin recurrir al torno, al molde o a otras técnicas de la cerámica.

Las piezas que conforman el juego de café son 6 tazas diferentes de arcilla refractaria con sus correspondientes platos y removedores de porcelana. Se completa con una cafetera, una lechera y un azucarero (con cuchara de porcelana). Se incluye un plato grande de porcelana como pieza de soporte de estas últimas, que se puede utilizar a su vez como bandeja para llevar otras piezas de juego o para servir un bizcocho o acompañante.

“The Artesanía de Galicia Award is aimed at artisan workshops registered in the General Handicraft Register of Artesanía de Galicia. It awards the work that represents the desired lines for competitive craftsmanship in the current market...”

“O bosque interior”

“O bosque interior” is a coffee set made of ceramics that represents the essential forest as a tribute to nature. From the humility of recognising ourselves as small before its captivating beauty, free of rules and dictates, where we feel part of that something superior — that ‘absolute’ that is hidden and preserved in nature. The work is born of a need to seek a reflection space on our interaction with nature, with the intention of becoming aware and highlighting its fragility and beauty. With this work the craftswoman proposes us to enter the forest, to inhabit it, to take it to our interior.

Everything in this work is studied, although it is not evident in appearance. From its design and conception through the search and use of each material to highlight the uniqueness, highlighting the beauty and fragility of the forest.

In its execution it is used at random as a means of expression in manual work, since far from pretending to visualise the creative hand, the nature of the material itself is left to speak, impregnated with soul and vital essence of each piece.

According to the conceptual proposal of return to the origin, the rusticity of the materials and their finishes connect us with our most primitive part; recalling our origins as human beings, referring us to our own more natural essence.

In this way, the pieces, without decoration, rustic in appearance and irregular, are deliberately made by hand. Working the clay as would be done at the beginning of time, sincere, with hardly any tools other than the hands and the gaze. This style enables a ‘feel’ for each piece without resorting to the lathe, the mould, or other techniques of pottery.

The pieces that make up the coffee set are 6 different cups of refractory clay with their respective plates and porcelain stirrers. It is completed with a coffee pot, a milk pot and a sugar bowl with a porcelain spoon. A large porcelain plate is included as a support piece for the latter, which can also be used as a tray to carry other pieces of the set or to serve a cake or side dish.



ARTESANÍA
DE GALICIA





A cerámica orgánica de Witchneeds

Witchneeds é o proxecto de cerámica co que **Ana Tenorio** busca devolverlle aos obxectos a súa singularidade, así como recuperar a humanización nos procesos de creación, con tempos máis lentos e naturais, manténdose nunha produción manual controlada e de calidade "que se afasta da perfección e do traballo industrial seriado e sen alma". As súas pezas establecen unha conexión co propio material e ao mesmo tempo coa súa fonte de inspiración principal: a natureza en todas as súas formas, a volta a un ser máis natural e conectado coa súa esencia. Formada en Belas Artes e cunha ampla experiencia en diferentes disciplinas artísticas, Ana Tenorio crea

o proxecto Witchneeds a finais de 2016, que conta xa cunha intensa traxectoria.

Durante o 2017 desenvolve a súa primeira colección de cerámica utilitaria, na que a pintura forma parte do discurso das pezas. A comezos de 2018 incorpórase á marca Artesanía de Galicia e crea tres novas liñas de investigación e de traballo. Na máis experimental destas liñas, e cun carácter máis escultórico, atópase a obra gañadora do Premio Artesanía de Galicia 2018, *O bosque interior*, un xogo de café no que a estética e o propio material serven para conectarnos coa natureza.

La cerámica orgánica de Witchneeds

Witchneeds es el proyecto de cerámica con el que **Ana Tenorio** busca devolverle a los objetos su singularidad, así como recuperar la humanización en los procesos de creación, con tiempos más lentos y naturales, manteniéndose en una producción manual controlada y de calidad "que se aleja de la perfección y del trabajo industrial seriado y sin alma". Sus piezas establecen una conexión con el propio material y al mismo tiempo con su fuente de inspiración principal: la naturaleza en todas sus formas, la vuelta a un ser más natural y conectado con su esencia. Formada en Bellas Artes y con una amplia experiencia en diferentes disciplinas artísticas, Ana Tenorio crea el proyecto Witchneeds a finales de 2016, que cuenta ya con una intensa trayectoria.

Durante el 2017 desarrolla su primera colección de cerámica utilitaria, en la que la pintura forma parte del discurso de las piezas. A comienzos de 2018 se incorpora a la marca Artesanía de Galicia y crea tres nuevas líneas de investigación y de trabajo. En la más experimental de estas líneas, y con un carácter más escultórico, se encuentra la obra ganadora del Premio Artesanía de Galicia 2018, *O bosque interior*, un juego de café en el que la estética y el propio material sirven para conectarnos con la naturaleza.

Organic ceramics from Witchneeds

Witchneeds is the ceramic project with which **Ana Tenorio** seeks to give objects their uniqueness back, as well as to recover the humanisation in the creative process. Tenorio achieves this with slower and more natural times, remaining in a controlled manual production and with quality "that moves away from perfection and from the serial industrial work without soul". Her pieces establish a connection with the material itself and its main source of inspiration: nature in all its forms, the return to a more natural being and connected with her essence. Trained in Fine Arts and with a wide experience in different artistic disciplines, Ana Tenorio created the Witchneeds project at the end of 2016. It already has an intense trajectory.

During 2017 she developed her first collection of utilitarian ceramics, in which painting forms part of the discourse of the pieces. At the beginning of 2018 she joined the Artesanía de Galicia brand and created three new lines of research and work. The most experimental of these lines, and with a more sculptural character, is the winning work of the Artesanía de Galicia Award 2018, *O bosque interior* — a coffee set in which aesthetics and the material itself serve to connect us with nature.





“Despois de moita experimentación e traballo podo ver unha recompensa ao esforzo, e mirar cara adiante con máis seguridade e ilusión polo que está por chegar”

Foi un ano increíble, todo vai a ritmo frenético pero estou contenta porque hai certa normalidade agora que volví coller o ritmo do taller. Despois de moita experimentación e traballo podo ver unha recompensa ao esforzo e mirar cara a adiante con máis seguridade e ilusión polo que está por chegar. Síntome moi agradecida por este recoñecemento e apoiada pola Fundación Artesanía de Galicia e polo seu excelente labor. É un orgullo pertencer a esta gran familia.

Que futuro lle espera ao *Bosque interior* co que gañaches? Tes previsto facer unha colección de pezas a partir desta idea?

A obra coa que gañei supuxo un antes e un despois no meu traballo. Forma parte dunha liña de investigación que estaba a levar en segredo para que fose inédita e na que non se recoñecese moito a autoría coa que pretendo facer a colección. Agora mesmo estou a traballar de novo no xogo de café e xa teño varias pezas novas en mente que irei desenvolvendo ao longo deste ano.

Fue un año increíble, todo va a ritmo frenético, pero estoy contenta porque hay cierta normalidad ahora que volví a coger el ritmo del taller. Después de mucha experimentación y trabajo puedo ver una recompensa al esfuerzo y mirar hacia adelante con más seguridad e ilusión por lo que está por llegar. Me siento muy agradecida por este reconocimiento y apoyada por la Fundación Artesanía de Galicia y por su excelente labor. Es un orgullo pertenecer a esta gran familia.

¿Qué futuro le espera al *Bosque interior* con el que ganaste? ¿Tienes previsto hacer una colección de piezas a partir de esta idea?

La obra con la que gané supuso un antes y un después en mi trabajo. Forma parte de una línea de investigación que estaba llevando en secreto para que fuese inédita y en la que no se reconociese mucho la autoría con la que pretendo hacer la colección. Ahora mismo estoy trabajando de nuevo en el juego de café y ya tengo varias piezas nuevas en mente que iré desarrollando a lo largo de este año.

Después de una amplia trayectoria artística nace el proyecto *Witchneeds*. ¿Cuándo y porqué decides enfocar tu trabajo hacia la artesanía?

Mi relación con el barro comienza cuando era niña y jugaba con él de forma intuitiva, igual que con otros materiales. En la facultad no pude adquirir conocimientos técnicos específicos de cerámica,

It was an incredible year; everything is going at a frenetic pace but I am happy because there is a certain normality now that I returned to the rhythm of the workshop. After a lot of experimentation and work I can see a reward for the effort, and look forward with more confidence and enthusiasm for what is to come. I feel very grateful for this recognition and supported by the Fundación Artesanía de Galicia and for their excellent work. I'm proud to belong to this big family.

What future awaits for *O Bosque Interior*, with which you won the Artesanía de Galicia Award 2018? Do you plan to make a collection of pieces from this idea?

The work with which I won was a before and after in my work. It is part of a line of research that I was carrying out in secret so that it would be unpublished and in which the authorship with which I intend to make the collection was not widely recognised. Right now, I am working again on the coffee set and I already have several new pieces in mind that I will be developing throughout this year.

After a long artistic trajectory, the project *Witchneeds* is born. When and why did you decide to focus your work on craftsmanship?

My relationship with clay began when I was a child and I played with it intuitively, just like with other materials.



“Después de mucha experimentación y trabajo puedo ver una recompensa al esfuerzo, y mirar hacia adelante con más seguridad e ilusión por lo que está por llegar”

“After a lot of experimentation and work I can see a reward for the effort, and look forward with more confidence and enthusiasm for what is to come”



WITCHNEEDS
Estrada Marcosende, 164
Vigo (Pontevedra)
hello@witchneeds.com
www.witchneeds.com

Carta de artesán / carta
de artesano / craftsman
card n° 11057

Obradoiro artesán / taller
artesano / craft workshop
n° 11027

puesto que la arcilla era un material intermedio para llegar a otras piezas. En aquel momento no había formación en la técnica cerámica o en hornos, ni se consideraba un material para crear una obra final, así que fui desarrollando mi trayectoria profesional en otras disciplinas.

Hace siete años decidí recuperar el contacto con el barro y formarme en el taller de la ceramista Emilia Guimeráns. Tras cuatro años de aprendizaje y de recuperación de sensaciones, encontré una brecha en la que explorar algo nuevo y comencé a sentir la necesidad de tener un proyecto centrado en la cerámica como medio expresivo. Así surgen la marca y la primera colección, *Outside*, con la cerámica como soporte pictórico de piezas utilitarias, decorativas y de joyería contemporáneas, para devolverles a los objetos cotidianos su carácter singular, convertirlos en un objeto artístico y funcional.

¿Por qué escogiste la cerámica? ¿Qué te aporta este material?

Mi trayectoria es multidisciplinar, está centrada en la expresión plástica y visual. Trabajé con la pintura y con el dibujo, en diseño gráfico y textil, y hasta experimenté unos años con el videoarte. Pienso que en la cerámica que hago se suma todo mi bagaje, todo lo aprendido sale ahora en una mezcla muy familiar, que puedo sentir y manipular con las manos para expresarme. La cerámica para mi tiene mayor capacidad de expresión que otros materiales o técnicas. En ella se combinan calidades plásticas, visuales, táctiles, espaciales e incluso sonoras; además de sus múltiples funcionalidades. La arcilla es tierra, la primera materia prima, y la cerámica una de las técnicas más antiguas con unas posibilidades expresivas infinitas.



In college I could not acquire specific technical knowledge of ceramics, since clay was an intermediate material to reach other pieces. At that time there was no training in the ceramic technique or in kilns, nor was it considered a material to create a final work, so I was developing my career in other disciplines.

Seven years ago, I decided to regain contact with clay and to train in the workshop of the ceramist Emilia Guimeráns. After four years of learning and recovering sensations, I found a space where I could explore something new and begin to feel the need to have a project focused on ceramics as an expressive medium. This is how the brand and the first collection, *Outside*, emerged, with ceramics as a pictorial support for utilitarian, decorative and contemporary jewellery pieces, to give everyday objects back their singular character, turning them into an artistic and functional object.

Why did you choose ceramics? What does this material offer you?

My trajectory is multidisciplinary, focused on plastic and visual expression, I worked with painting and drawing, graphic and textile design, and even experienced a few years with video art. I think that in the pottery that I make all my baggage is added, everything learned now comes out in a very familiar mixture, which I can feel and manipulate with my hands to express myself. For me, pottery has a greater capacity for expression than other materials or techniques. It combines plastic, visual, tactile, spatial and sound qualities, as well as its multiple functionalities. Clay is earth, the first raw material, and ceramics is one of the oldest techniques with infinite expressive possibilities.



Despois dunha ampla traxectoria artística nace o proxecto Witchneeds. Cando e por que decides enfocar o teu traballo cara á artesanía?

A miña relación co barro comeza cando era nena e xogaba con el de forma intuitiva, igual que con outros materiais. Na facultade non puider adquirir coñecementos técnicos específicos de cerámica, posto que a arxila era un material intermedio para chegar a outras pezas. Daquela non había formación na técnica cerámica ou en fornos, nin se consideraba un material para crear unha obra final, así que fun desenvolvendo a miña traxectoria profesional noutras disciplinas.

Hai sete anos decidín recuperar o contacto co barro e formarme no obradoiro da ceramista Emilia Guimeráns. Tras catro anos de aprendizaxe e de recuperación de sensacións, atopei unha fenda onde explorar algo novo e comecei a sentir a necesidade de ter un proxecto centrado na cerámica como medio expresivo. Así xorden a marca e a primeira colección, *Outside*, coa cerámica como soporte pictórico de pezas utilitarias, decorativas e de xoiería contemporáneas, para lles devolver aos obxectos cotiás o seu carácter senlleiro, convertelos nun obxecto artístico e funcional.

Por que escolliches a cerámica? que che aporta este material?

A miña traxectoria é multidisciplinar, está centrada na expresión plástica e visual. Traballei coa pintura e co debuxo, en deseño gráfico e téxtil, e ata experimentei uns anos coa vídeoarte. Penso que na cerámica que fago súmase toda a miña bagaxe, todo o aprendido sae agora nunha mistura moi familiar, que podo sentir e manipular coas mans para expresarme. A cerámica para min ten maior capacidade de expresión que outros materiais ou técnicas. Nela combínanse calidades plásticas, visuais, táctiles, espaciais e mesmo sonoras; ademais das súas múltiples funcionalidades. A arxila é terra, a primeira materia prima, e a cerámica unha das técnicas máis antigas cunhas posibilidades expresivas infinitas.

Chama a atención o propio nome do taller

A cerámica en si é maxia, algo que ás veces sae do noso control. É alquimia que implica os catro elementos (terra, auga, aire e lume) para a súa realización. Por outra banda, hai algo máis grande ca nós que nos rodea e non sempre o queremos ver. A natureza, por exemplo, é algo máxico e maravilloso que temos normalizado. Non sei por que só me soaba ben en inglés. E por outro lado quería que fose un nome aberto pois, como son multidisciplinar, nunca se sabe cara a onde vou camiñar.

“A cerámica en si é maxia, algo que ás veces sae do noso control. É alquimia que implica os catro elementos (terra, auga, aire e lume) para a súa realización”



“La cerámica en sí es magia, algo que a veces sale de nuestro control. Es alquimia que implica los cuatro elementos (tierra, agua, aire y fuego) para su realización”

Llama la atención el propio nombre del taller

La cerámica en sí es magia, algo que a veces sale de nuestro control. Es alquimia que implica los cuatro elementos (tierra, agua, aire y fuego) para su realización. Por otro lado, hay algo más grande que nosotros que nos rodea y no siempre queremos ver. La naturaleza, por ejemplo, es algo mágico y maravilloso que tenemos normalizado. No sé por que sólo me sonaba bien en inglés. Y por otro lado quería que fuese un nombre abierto pues, como soy multidisciplinar, nunca se sabe hacia dónde voy a caminar.

También en el año 2018, en el marco del proyecto *Artesanía no prato*, que une gastronomía y artesanía, Ana Tenorio comienza a trabajar para cocineros como Pepe Solla o Iñaki Bretal, diseñando y elaborando piezas para sus respectivos restaurantes.

¿Cómo encaja tu cerámica de autora y los ritmos del taller en el campo de la gastronomía?

Siempre digo que mis piezas están “cargadas” (de un concepto, de un mensaje, de emociones), por eso en mi trabajo no concibo la utilización del torno o la seriación con moldes. Pienso que perdería parte de

“Pottery itself is magic, something that sometimes comes out of our control. It is alchemy involving the four elements (earth, water, air and fire) for its realisation”

The name of the workshop is striking.

Pottery itself is magic, something that sometimes comes out of our control. It is alchemy involving the four elements (earth, water, air and fire) for its realisation. On the other hand, there is something bigger than us that surrounds us and we don't always want to see it. Nature, for example, is something magical and wonderful that we have normalised. I don't know why it only sounded good to me in English. And on the other hand, I wanted it to be an open name because, as I'm multidisciplinary, you never know where I'm going to walk.

In 2018 Ana Tenorio also began to work for chefs such as Pepe Solla or Iñaki Bretal, designing and producing pieces for their respective restaurants. This was within the framework of the project *Artesanía no prato*, which brought together gastronomy and craftsmanship.

How does your author's ceramics and workshop rhythms fit into the world of gastronomy?

I always say that my pieces are “loaded” (with a concept, a message, emotions), that's why in my work I don't



Tamén no ano 2018, no marco do proxecto *Artesanía no prato, que une gastronomía e artesanía*, Ana Tenorio comeza a traballar para cociñeiros como Pepe Solla ou Iñaki Bretal, deseñando e elaborando pezas para os seus respectivos restaurantes. Como encaixa a túa cerámica de autora e os ritmos do taller no eido da gastronomía?

Sempre digo que as miñas pezas están "cargadas" (dun concepto, dunha mensaxe, de emocións), por iso no meu traballo non concibo a utilización do torno ou a serialización con moldes. Penso que perdería parte da expresión, non iría en liña coa filosofía de peza única que manteño, o discurso pérdese. Evito o traballo seriado para diferenciarme do traballo industrial, que está ben que conviva co artesan pero que non é comparable. Estou convencida de que para

transmitir ten que existir un diálogo dende cero con cada peza, buscando comunicar a través do rexistro da man, das imperfeccións e dos procesos.

Iso ralentiza moito a produción, que ademais é máis escasa, o que tamén lle confire un valor engadido. No mundo da alta gastronomía valoran e aprecian esta forma de elaboración e por iso saben esperar. Para os cociñeiros cos que traballo é moi importante como presentar as súas creacións, é un conxunto onde a cerámica forma parte do prato que están servindo, que axuda a evocar o concepto que queren transmitir. Dentro das catro liñas que traballo pódennme encargar algo á medida do que precisan ou propoñerme algunha variación. Respecto moitísimo o seu traballo e eles o meu, é unha colaboración onde teño liberdade total para crear e que, moitas veces, me inspira para abrir novas vías de exploración.

la expresión, no iría en línea con la filosofía de pieza única que mantengo, el discurso se pierde. Evito el trabajo seriado para diferenciarme del trabajo industrial, que está bien que conviva con el artesano pero que no es comparable. Estoy convencida de que para transmitir tiene que existir un diálogo desde cero con cada pieza, buscando comunicar a través del registro de la mano, de las imperfecciones y de los procesos.

Eso ralentiza mucho la producción, que además es más escasa, y que también le confiere un valor añadido. En el mundo de la alta gastronomía valoran y aprecian esta forma de elaboración y por eso saben esperar. Para los cocineros con los que trabajo es muy importante cómo presentar sus creaciones, es un conjunto donde la cerámica forma parte del plato que están sirviendo, que ayuda a evocar el concepto que quieren transmitir. Dentro de las cuatro líneas que trabajo me pueden encargar algo a la medida de lo que necesitan o proponerme alguna variación. Respeto muchísimo su trabajo y el mío, es una colaboración donde tengo libertad total para crear y que, muchas veces, me inspira para abrir nuevas vías de exploración.

conceive the use of a lathe or serialisation with moulds. I think that I would lose part of the expression, it would not go in line with the philosophy of a single piece that I maintain, the discourse is lost. I avoid serial work in order to distinguish myself from the industrial work, which is good to live with the craftsman but is not comparable. I am convinced that in order to transmit there has to be a dialogue from scratch with each piece, seeking to communicate through the register of the hand, imperfections and processes.

This slows down production a lot, which is also scarcer, which also gives it added value. In the world of haute cuisine, they value and appreciate this form of production and therefore know how to wait. For the chefs with whom I work it is very important how to present their creations, it is a set where ceramics form part of the dish they are serving, which helps to evoke the concept they want to transmit. Within the four lines that I work on, they can commission me with something tailored to what they need or propose some variation. I respect their work very much and they respect mine, it is a collaboration where I have total freedom to create and that, many times, inspires me to open new ways of exploration.



“Lorenzo Design é unha cooperativa familiar que deseña e elabora pezas torneadas e talladas en madeira dirixidas ao eido da gastronomía”



Lorenzo Design. Madeira para cociñas de vangarda



Culleres, cocteleiras, pratos, cuncas, pequenos morteiros, bandexas, saleiros, caixas para cobrar, vasos e unha chea de ferramentas multifunción ateigan a nova colección de **Lorenzo Design**, unha cooperativa familiar que deseña e elabora pezas torneadas e talladas en madeira dirixidas ao eido da gastronomía. Con só tres anos de traxectoria, Lorenzo Design está conseguindo crear a súa marca arredor da gastronomía e están introducindo a Artesanía de Galicia nas cociñas de prestixiosos restaurantes de toda España.

Comezaron elaborando todo tipo de pezas en madeira para o fogar que vendían na súa propia tenda da zona vella de Santiago de Compostela, pero foi a raíz da súa participación nas xornadas *Artesanía no Prato*, celebradas en outubro de 2017, o que lles fixo reinventarse e axustar o seu modelo de empresa.

Alí non vendimos nada pero abriunos unha porta. Empezamos a conversar con diferentes cociñeiros e soubemos ler o que eles precisaban. Así que decidimos sacudirnos os prexuízos e todas as ideas

preconcebidas e empezamos a investigar. Dende o principio estivemos moi abertos ao que eles buscaban e é así como fomos xerando novos produtos pero vinculados á gastronomía.

Fernando Sangiovanni é unha das tres pezas que conforman Lorenzo Design, xunto coa súa muller Isabel Lorenzo, que se encarga da administración, e co seu fillo Joaquín, que é o responsable do obradoiro. Chegaron a Galicia hai 16 anos procedentes do Uruguai (aínda que Isabel é galega de nacemento) e traballaron en diversos oficios por separado ata que unha coincidencia fixo que se decidiran a dar o paso de crear este proxecto de artesanía.

Joaquín acababa de rematar a súa formación en carpintería no politécnico xusto cando eu quedei no paro. Como Isabel levaba un tempo nun traballo no que non estaba a gusto, decidimos crear unha cooperativa entre os tres. Ao principio continuamos coa traxectoria que eu viña desenvolvendo e realizabamos xoguetes ou cadros con madeira reciclada.

Lorenzo Design. Madera para cocinas de vanguardia

Cucharas, cocteleras, platos, tazas, pequeños morteros, bandejas, saleros, cajas para cobrar, vasos y un montón de herramientas multifunción completan la nueva colección de **Lorenzo Design**, una cooperativa familiar que diseña y elabora piezas torneadas y talladas en madera dirigidas al ámbito de la gastronomía. Con sólo tres años de trayectoria, Lorenzo Design está consiguiendo crear su marca alrededor de la gastronomía y está introduciendo la Artesanía de Galicia en las cocinas de prestigiosos restaurantes de toda España.

Comenzaron elaborando todo tipo de piezas en madera para el hogar que vendían en su propia tienda de la zona antigua de Santiago de Compostela, pero fue a raíz de su participación en las jornadas Artesanía no Prato, celebradas en octubre de 2017, lo que les hizo reinventarse y ajustar su modelo de empresa.

Allí no vendimos nada pero nos abrió una puerta. Empezamos a conversar con diferentes cocineros y supimos leer lo que ellos necesitaban. Así que decidimos sacudirnos los prejuicios y todas las ideas preconcebidas y empezamos a investigar. Desde el principio hemos estado muy abiertos a lo que ellos buscaban y es así como hemos ido generando nuevos productos pero vinculados a la gastronomía.

Fernando Sangiovanni es una de las tres piezas que conforman Lorenzo Design, junto a su mujer Isabel Lorenzo, que se encarga de la administración, y su hijo Joaquín, que es el responsable del taller. Llegaron a Galicia hace 16 años procedentes de Uruguay (aunque Isabel es gallega de nacimiento) y trabajaron en diversos oficios por separado hasta que una coincidencia hizo que se decidiesen a dar el paso de crear este proyecto de artesanía.

Joaquín acababa de terminar su formación en carpintería en el politécnico justo cuando yo me quedé en el paro. Como Isabel llevaba un tiempo en un trabajo en el que no estaba a gusto, decidimos crear una cooperativa entre los tres. Al principio continuamos con la trayectoria que yo estaba desarrollando y realizábamos juguetes o cuadros con madera reciclada.

En su filosofía de trabajo llevan de la mano ética y estética, buscando siempre diseños que sean funcionales y sostenibles a la vez. Trabajan con maderas nobles como nogal, roble, arce, cerezo o haya, y utilizan aceites de uso alimentario que no contaminan. La formación y la I+D para ellos es la parte más esencial de su trabajo, así como la colaboración con otros artesanos en proyectos conjuntos a los que siempre están abiertos. Pero Artesanía no Prato fue el punto de inflexión que les permitió definir su proyecto.

Lorenzo Design. Wood for Avant-Garde Kitchens

Spoons, cocktail shakers, dishes, cups, small mortars, trays, salt shakers, cash boxes, glasses and a host of multifunction tools complete the new collection by **Lorenzo Design**, a family cooperative that designs and produces turned and carved wooden pieces for the gastronomy sector. With only three years of history, Lorenzo Design is succeeding in creating its brand around gastronomy, and is introducing Artesanía de Galicia to the kitchens of prestigious restaurants throughout Spain.

They started making all kinds of domestic wood pieces that they sold in their own shop in the historic area of Santiago de Compostela, but it was as a result of their participation in the Artesanía no Prato sessions, held in October 2017, that made them reinvent themselves and adapt their business model.

We didn't sell anything there but it opened a door for us. We had conversations with different chefs and were able to read what they needed. So we decided to shake off the prejudices and all the preconceived ideas and we started to investigate. From the beginning we have been keenly open to their needs, and thus we have been generating new products linked to gastronomy.

Fernando Sangiovanni is one of three founders that are part of Lorenzo Design, together with his wife Isabel Lorenzo, who is in charge of the administration, and his son Joaquín, who is in charge of the workshop. They arrived in Galicia from Uruguay 16 years ago — although Isabel is Galician by birth — and worked in various trades separately until a coincidence made them decide to take the step of creating this handcraft project.

Joaquin had just finished his carpentry training at the polytechnic just when I was unemployed. Since Isabel spent some time in a job in which she was not comfortable, we decided to create a cooperative between the three of us. In the beginning, we kept on with the trajectory that I was developing and we made toys or paintings with recycled wood.

In their work philosophy they take ethical and aesthetic hand-in-hand, always looking for designs that are functional and sustainable at the same time. They work with hard woods such as walnut, oak, maple, cherry or beech, and use food-grade oils that do not pollute. Training and R&D for them is the most essential part of their work, as well as their collaboration with other artisans in joint projects, to which they are always open. But Artesanía no Prato was the turning point that allowed them to define their project.



“Lorenzo Design es una cooperativa familiar que diseña y elabora piezas torneadas y talladas en madera dirigidas al ámbito de la gastronomía”

“Lorenzo Design is a family cooperative that designs and produces turned and carved wooden pieces for the gastronomy sector”

LORENZO DESIGN
Rúa Ponte de San Lázaro, 3
Santiago de Compostela (A Coruña)
fernando@lorenzodesign.es
www.lorenzodesign.es

Carta de artesán / carta de artesano
/ craftsman card n° 4847

Obradoiro artesán / taller artesano
/ craft workshop n° 976

Na súa filosofía de traballo levan da man ética e estética, buscando sempre deseños que sexan funcionais e ao mesmo tempo sustentables. Traballan con madeiras nobres como a nogueira, o carballo, o pradairo, a cerdeira ou a faia, e empregan aceites de uso alimentario que non contaminan. A formación e a I+D para eles é a parte máis esencial do seu traballo, así como a colaboración con outros artesáns en proxectos conxuntos aos que sempre están abertos. Pero Artesanía no Prato foi o punto de inflexión que lles permitiu definir o seu proxecto.

O primeiro que confiou en nós foi Javier Olleros, do restaurante Culler de Pau, do Grove. A súa resposta foi inmediata e a relación que temos con el é excelente. Deseñamos en conxunto, propoñémoslle pezas e el vai probando. El foi quen nos fixo medrar en canto a ser máis profesionais, en canto ás esixencias de traballar a ese nivel, con cocifeiros de grande prestixio, e estaremoslle eternamente agradecidos. Agora contamos, ademais, con ACME, unha distribuidora que vende as nosas pezas, xunto coas doutros moitos profesionais, polos restaurantes de España e Portugal. E así é basicamente como funcionamos.



El primero que confió en nosotros fue Javier Olleros, del restaurante Culler de Pau, de O Grove. Su respuesta fue inmediata y la relación que tenemos con él es excelente. Diseñamos en conjunto, le proponemos piezas y él va probando. Él es quien nos ha hecho crecer en cuanto a ser más profesionales, en cuanto a las exigencias de trabajar a ese nivel, con cocineros de gran prestigio, y le estaremos eternamente agradecidos. Ahora contamos, además, con ACME, una distribuidora que vende nuestras piezas, junto a las de otros muchos profesionales, por los restaurantes de España y Portugal. Y así es básicamente cómo funcionamos.

Decidieron cerrar la tienda que tenían en la zona vieja y centrarse más en el taller, en el que han habilitado un espacio showroom en el que reciben las visitas de los profesionales que se interesan por su trabajo. ¿Cómo se diseñan las piezas para los cocineros?

The first person to put his trust in us was Javier Olleros, from the Culler de Pau restaurant in O Grove. His response was immediate and the relationship we have with him is excellent. We design together, we propose pieces to him and he tries them out. He has made us develop in terms of being more professional, in terms of the demands of working at that level, with prestigious chefs. We will be forever grateful. Now we also have a distributor, ACME, which sells our pieces in restaurants in Spain and Portugal, together with those of many other professionals. And this is basically how we work.

They decided to close the shop they had in the historic area and focus more on the workshop, where they have set up a showroom where they receive visits from professionals who are interested in their work. How are the pieces designed for the chefs?

Usually, chefs make orders taking the pieces that we propose as a base and that are shown in the showroom, but they adapt them to their needs; a little higher, wider, or less. The truth is that for us craftwork is an advantage, because being craftspeople is what allows us this flexibility and these variants. Sometimes they ask us directly for a piece that they need to stand out, a dish that is their speciality or for a specific use. From these relationships and conversations we also draw different ideas for our own products. And then you always have to test the pieces to see how they work in the day-to-day kitchen, and that's how we get to the final pieces.

They listen to the chefs' needs and from there they look for designs, materials, textures, oils.

From our relation with the chefs we learned that as a rule, although they like the pieces, they always want some variation to customise them. They are looking for what we offer but in a different way. We present the pieces but we are open to listen to what the chefs' needs. However, it is also thanks to our participation in spaces such as *Pop up Galicia. Saberes e Sabores*, held in Madrid, that we come into contact with the real needs of people. We are not only talking about trends, but also about how people really live, in what type of housing, what size and how many people live together. It doesn't make sense to make a huge salad bowl if the aim is to sell it to people who live in small flats, who live as a couple, or with a child. It has nothing to do with pieces that are intended for houses with a lot of people. And we have to take this into consideration so as not to go with products that are out of reality.

So this approach to gastronomy also offers you the possibility of reaching a client you didn't have before.

Yes, we are appealing a different type of public that are well- skilled in gastronomy but not professional, who buys pieces like ours but for their own particular kitchen. For that, we need the type of small piece that we usually produce for tasting menus in restaurants. We are focused on avant-garde gastronomy which



Decidiron pechar a tenda que tiñan na zona vella e centrarse máis no taller, onde habilitaron un espazo showroom no que reciben as visitas dos profesionais que se interesan polo seu traballo. Como se deseñan as pezas para os cociñeiros?

Normalmente os cociñeiros van facendo os pedidos tomando as pezas que propoñemos como base e que se amosan na *showroom*, pero van adaptando ao que eles precisan: un pouco máis alto, máis ancho, menos... A verdade é que para nós a artesanía é unha vantaxe, porque o feito de ser artesáns é o que nos permite esta flexibilidade e estas variantes.

Outras veces pídennos directamente unha peza que lles fai falta para destacar algún prato que é especialidade súa ou para un uso en concreto. A partir destas relacións e destas conversas tamén sacamos ideas diferentes para produtos propios. E despois sempre hai que probar as pezas para ver como funcionan no día a día das cociñas, e así é como vamos chegando ás pezas finais.

Escoitan o que precisan os cociñeiros e a partir de aí buscan deseños, materiais, texturas e aceites.

Cos cociñeiros aprendemos que, normalmente, aínda que lles gusten as pezas, sempre queren algunha variación para poder personalizalas. Buscan o que lles ofrecemos pero diferente. Nós presentamos as pezas pero estamos abertos a escoitar o que precisan os cociñeiros. Sen embargo, tamén grazas á nosa participación en espazos coma o *Pop up Galicia. Saberes e Sabores*, que se celebrou en Madrid, entramos en contacto coas necesidades reais da xente. Non falamos só de tendencias senón de como viven as persoas realmente, en que tipo de vivendas, de que tamaño e cantas persoas conviven. Non ten sentido facer un bol de ensalada enorme se o obxectivo é venderlo a persoas que viven en pisos pequenos, que viven en parella ou cun neno. Non ten nada que ver con elementos que estean destinados a casas con moita xente. E temos que ter en conta este tipo de cousas para non ir con produtos que estean fóra da realidade.



“Gracias a nuestra participación en espacios como el *Pop up Galicia. Saberes e Sabores*, entramos en contacto con las necesidades reales de la gente”

“It is also thanks to our participation in spaces such as *Pop up Galicia. Saberes e Sabores*, that we come into contact with the real needs of people”

Normalmente los cocineros van haciendo los pedidos tomando las piezas que proponemos como base y que se muestran en el showroom, pero lo van adaptando a lo que ellos necesitan: un poco más alto, más ancho, menos... La verdad es que para nosotros la artesanía es una ventaja, porque el hecho de ser artesanos es lo que nos permite esta flexibilidad y estas variantes.

Otras veces nos piden directamente una pieza que les hace falta para destacar algún plato que es su especialidad o para un uso en concreto. A partir de estas relaciones y estas conversaciones también sacamos ideas diferentes para productos propios. Y luego siempre hay que probar las piezas para ver cómo funcionan en el día a día de las cocinas, y así es como vamos llegando a las piezas finales.

Escuchan lo que necesitan los cocineros y a partir de ahí buscan diseños, materiales, texturas y aceites.

Con los cocineros aprendimos que, normalmente, aunque les gusten las piezas, siempre quieren alguna variación para personalizarlas. Buscan lo que les ofrecemos pero diferente. Nosotros presentamos las piezas pero estamos abiertos a escuchar lo que necesitan los cocineros. Sin embargo, también gracias a nuestra participación en espacios como el *Pop up Galicia. Saberes e Sabores*, que se celebró en Madrid, entramos en contacto con las necesidades reales de la

“Grazas á nosa participación en espazos coma o *Pop up Galicia. Saberes e Sabores*, entramos en contacto coas necesidades reais da xente”



Así que este acercamiento a gastronomía permítevovos tamén chegar a un cliente co que non contabades.

Si, estamos atopando un tipo de público diferente, moi experto en gastronomía pero non profesional, que compra pezas como as nosas pero para a súa cociña particular e para iso vénnos moi ben o tipo

de peza pequena que elaboramos normalmente para os menús degustación dos restaurantes. Estamos centrados na gastronomía de vangarda e iso permítenos facer cousas pequenas e diferentes entre si. Un cociñeiro non quere dous tomates iguais, pois cada unha das pezas que nós lle ofrecemos é diferente, xa pola propia madeira, a cor, a veta, e por suposto porque está feita á man.

gente. No hablamos sólo de tendencias sino de cómo viven las personas realmente, en qué tipo de viviendas, de qué tamaño y cuántas personas conviven. No tiene sentido hacer un bol de ensalada enorme si el objetivo es vendérselo a personas que viven en pisos pequeños, que viven en pareja o con un niño. No tiene nada que ver con elementos que estén destinados a casas con mucha gente. Y tenemos que tener en cuenta este tipo de cosas para no ir con productos que estén fuera de la realidad.

Así que este acercamiento a la gastronomía os permite también llegar a un cliente con el que no contabais.

Sí, estamos encontrando un tipo de público diferente, muy experto en gastronomía pero no profesional, que compra piezas como las nuestras pero para su cocina particular y para eso nos viene muy bien el tipo de pieza pequeña que elaboramos normalmente para los menús degustación de los restaurantes. Estamos centrados en la gastronomía de vanguardia y eso nos permite hacer cosas pequeñas y diferentes entre sí. Un cocinero no quiere dos tomates iguales, pues cada una de las piezas que nosotros le ofrecemos es diferente, ya por la propia madera, el color, la veta, y por supuesto porque está hecha a mano.

¿Y cómo funcionan esas piezas en el día a día de las cocinas? Se entiende que son piezas que no deberían de ir al lavavajillas. ¿Esto supone un problema a la hora de introducir vuestro trabajo en los restaurantes?

Las piezas hay que lavarlas a mano, por supuesto, y hay cocineros que sí que ponen esa pega, pero normalmente trabajamos con restaurantes que no ofrecen muchas mesas y pueden asumir ofrecer los menús en piezas especiales porque no tienen después un gran volumen de piezas para lavar.

Y normalmente los propios cocineros cuidan las piezas porque también es una herramienta de trabajo. Cuando el cocinero valora la pieza y la cuida de este modo, no se olvida de cual es el material con el que está trabajando y del mantenimiento que requiere, que dependerá también de cada cocinero. Los hay extremadamente cuidadosos con las piezas. Es su forma también de dar valor a la pieza que están empleando y a todo el trabajo que hay detrás de ella, a todas las manos que pasaron por ella, incluso desde que se corta el árbol.

Estáis trabajando con prestigiosos restaurantes de España y Portugal, tenéis un encargo para Puerto Rico y a finales del mes de enero vuestras piezas estuvieron presentes en la Cumbre Internacional de Gastronomía Madrid Fusión que se celebra anualmente en Madrid. ¿Estáis preparados para crecer?

No nos asusta crecer. Es más, incluso ahora está trabajando en el taller Adrián, como aprendiz, gracias a las subvenciones que sacó este año la Xunta, y nuestra idea es que se quede con nosotros después de este año de formación. Pero queremos crecer sin olvidar que somos un taller artesanal, no una industria. No podemos perder nuestra esencia.

that allows us to do small things and differentiate from each other. A chef does not want two identical tomatoes, so each of the pieces we offer is different, due to the wood itself, the colour, the grain, and of course because it is handmade.

And how do these pieces work in day-to-day kitchens? It is understood that they are pieces that should not go to the dishwasher. Is this a problem when it comes to introducing your work in restaurants?

The pieces have to be washed by hand, of course, and there are chefs who do so, but we usually work with restaurants that don't offer many tables and can offer menus in special pieces because they don't have a large volume of pieces to wash afterwards.

And usually the chefs themselves take care of the pieces because they are also a work tool. When the chef values the piece and takes care of it in this way, he doesn't forget what material he is working with and what maintenance it requires, which will also depend on each chef. They are extremely careful with the pieces. It is also their way of giving value to the piece they are using and to all the work behind it, to all the hands that passed through it, even since the tree was cut down.

“Queremos crecer sin olvidar que somos un taller artesanal, no una industria. No podemos perder nuestra esencia”

“We want to develop our business without losing sight of the fact that we are a craft workshop, not an industry. We cannot lose our essence”

You are working with prestigious restaurants in Spain and Portugal, you have a commission for Puerto Rico and at the end of January your pieces were present at the Cumbre Internacional de Gastronomía Madrid Fusión held annually in Madrid. Are you ready to expand the business?

We are not afraid to expand our business. In fact, Adrián is now working in the workshop, as an apprentice, thanks to the subsidies given this year by the Xunta, and our idea is to keep him with us after this year of training. But we want to develop our business without losing sight of the fact that we are a craft workshop, not an industry. We cannot lose our essence.

E como funcionan esas piezas no día a día das cocinas? Enténdese que son pezas que non deberían de ir ao lavalouzas. Isto é un problema á hora de introducir o voso traballo nos restaurantes?

As pezas hai que lavalas á man, por suposto, e hai cociñeiros que si que poñen esa pega, pero normalmente traballamos con restaurantes que non ofrecen moitas mesas e poden asumir ofrecer os menús en pezas especiais porque non teñen despois un grande volume de pezas para lavar.

E normalmente os propios cociñeiros cuidan as pezas porque tamén é unha ferramenta de traballo. Cando o cociñeiro valora a peza e a cuida deste xeito, non se esquece de cal é o material co que está a traballar e do mantemento que require, que dependerá tamén de cada cociñeiro. Hainos extremadamente cuidadosos coas pezas. É o seu xeito tamén de

“Queremos medrar sen esquecer que somos un obradoiro artesanal, non unha industria. Non podemos perder a nosa esencia”

darlle valor á peza que están empregando e a todo o traballo que hai detrás dela, a todas as mans que pasaron por ela dende que se corta a árbore mesmo.

Estades a traballar con prestixiosos restaurantes de España e Portugal, tedes unha encarga para Porto Rico e a finais do mes de xaneiro as vosas pezas estiveron presentes no Cumio Internacional de Gastronomía Madrid Fusión que se celebra anualmente en Madrid. Estades preparados para medrar?

Non nos asusta medrar. É máis, agora mesmo está traballando no taller Adrián, como aprendiz, grazas ás subvencións que sacou este ano a Xunta, e a nosa idea é que quede con nós despois deste ano de formación. Pero queremos medrar sen esquecer que somos un obradoiro artesanal, non unha industria. Non podemos perder a nosa esencia.



Corzo Artesanía, catro xeracións de xastres do coiro

“Corzo é unha empresa familiar con máis de 100 anos de tradición no oficio da guarnicionería e talabartería, situada en Arzúa, en pleno camiño francés”

Corzo é unha empresa familiar con máis de 100 anos de tradición no oficio da guarnicionería e talabartería, situada en Arzúa, en pleno camiño francés. O obradoiro está dirixido por **Gustavo Alfonso** e **Aurora Gómez González**, a cuarta xeración de artesáns que están a continuar co oficio familiar de tratamento da pel e da elaboración artesanal de artigos especializados para a equitación ou para a caza. Por outra banda, o obradoiro atópase en continua innovación grazas á liña de marroquinería

que hai uns anos decidiron incorporar. A través dela, deseñan e elaboran obxectos de pel de alta calidade para a decoración e complementos de moda, que xa se están a amosar nos mercados internacionais da man da marca Artesanía de Galicia. Aurora define a súa filosofía de traballo baseada na súa relación coas propias técnicas e cos materiais: “No obradoiro coñecemos o oficio e a materia prima e temos unha grande vinculación coa pel, a nosa máis prezada ferramenta de traballo”.

“Corzo es una empresa familiar con más de 100 años de tradición en el oficio de la guarnicionería y talabartería, situada en Arzúa, en pleno camino francés”



“Corzo is a family business with more than 100 years of tradition in the saddlery and harness trade, located in Arzúa, in the middle of the French Way”

Corzo Artesanía, cuatro generaciones de sastres del cuero

Tras os bos resultados da edición anterior, a Xunta de Galicia renova o seu apoio á integración de novos perfís e á transferencia de coñecemento no sector artesanal galego. Convócase por segundo ano o programa co obxectivo de impulsar o relevo xeracional en Artesanía de Galicia, posibilitando a aprendizaxe do oficio e a integración da tradición nas esixencias da sociedade contemporánea. O programa conta cun presuposto dun millón de euros

La formación como base para la renovación de la artesanía gallega

Ayudas a la formación de la Xunta de Galicia

En el marco de los Días Europeos de la Artesanía, el pasado 2 de abril el consejero de Economía, Empleo e Industria Francisco Conde hizo entrega de las Cartas de Artesano a los participantes de la primera edición del programa de la Xunta de Galicia para la formación dual de aprendices. Conde destacó la importancia del proyecto en la "incorporación de nuevos talentos y visiones a un sector artesanal competitivo y renovado". Un total de 48 aprendices, formados en 44 talleres diferentes, pudieron recibir formación en técnicas como la cestería, la cerámica, la joyería, la encuadernación, el textil, la vidriería o la construcción tradicional de instrumentos musicales y de embarcaciones. Una vez reconocido su trabajo y adquiridas las destrezas, están preparados para continuar colaborando, ya como profesionales, en todos estos sectores o para emprender su propia aventura en solitario.

Training as a foundation for the modernisation of Galician craftsmanship

Xunta de Galicia training grants

In the framework of the European Days of Crafts on April 2nd, the regional minister of Consellería de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, delivered the Craftsmen Cards to the participants of the first edition of the Xunta de Galicia's programme for the dual training of apprentices. Conde stressed the importance of the project on the 'incorporation of new talents and visions to a competitive and renovated artisan sector'. A total of forty-eight apprentices, trained in forty-four different workshops, were able to receive training in techniques including; basketry, ceramics, jewellery, bookbinding, textiles, glassware, and the traditional construction of musical instruments and boats. Once the trainees' work is recognised and their skills are developed, they are ready to continue cooperating either as professionals in the sectors or to undertake their own adventures.





“Un total de 48 aprendices, formados en 44 talleres diferentes, pudieron recibir formación en técnicas como a cestería, a cerámica, a xoiaría, a encadernación, o téxtil, a vidrería ou a construción tradicional de instrumentos musicais e de embarcacións”

destinados á formación de aprendices en talleres artesanais profesionais, inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. A presentación de solicitudes permanecerá aberta até o 16 de setembro e o alumnado debe contar cunha titulación de grao ou formación profesional para poder optar ás axudas.

O acordo de formación, subscrito polos artesáns e aprendices, inclúe un contrato de prácticas non laborais dunha duración máxima de doce meses e unha mínima de seis, cunha xornada máxima de corenta horas semanais e mínima de vinte. En función da devandita xornada, cada obradoiro recibirá unha contía de 200/400 euros ao mes destinada a sufragar os correspondentes gastos de Seguridade Social e materiais do aprendiz, chegando este último a percibir até 800 euros mensuais en caso de tratarse dunha xornada completa. Se a empresa conta con seis ou máis traballadores poderán ser subvencionados até dous acordos simultaneamente.

“Un total de 48 aprendices, formados en 44 talleres diferentes, pudieron recibir formación en técnicas como la cestería, la cerámica, la joyería, la encuadernación, el textil, la vidriería o la construcción tradicional de instrumentos musicales y de embarcaciones”

Tras los buenos resultados de la edición anterior, la Xunta de Galicia renueva su apoyo a la integración de nuevos perfiles y la transferencia de conocimiento en el sector artesanal gallego. Se convoca por segundo año el programa con el objetivo de impulsar el relevo generacional en Artesanía de Galicia, posibilitando el aprendizaje del oficio y la integración de la tradición en las exigencias de la sociedad contemporánea. El programa cuenta con un presupuesto de un millón de euros destinados a la formación de aprendices en talleres artesanales profesionales, inscritos en el Registro General de Artesanía de Galicia. La presentación de solicitudes permanecerá abierta hasta el 16 de setiembre y el alumnado debe contar con una titulación de grado o formación profesional para poder optar a las ayudas.

El acuerdo de formación, suscrito por los artesanos y aprendices, incluye un contrato de prácticas no laborales de una duración máxima de doce meses y una mínima de seis, con una jornada máxima de cuarenta horas semanales y mínima de veinte. En función de dicha jornada, cada taller recibirá una cuantía de 200/400 euros al mes destinada a sufragar los correspondientes gastos de Seguridad Social y materiales del aprendiz, llegando éste último a percibir hasta 800 euros mensuales en caso de tratarse de una jornada completa. Si la empresa cuenta con seis o más trabajadores podrán ser subvencionados hasta dos acuerdos simultáneamente.



“A total of forty-eight apprentices, trained in forty-four different workshops, were able to receive training in techniques including; basketry, ceramics, jewellery, bookbinding, textiles, glassware, and the traditional construction of musical instruments and boats”

Galicia renews its support for the integration of new talent profiles and the transfer of knowledge in the Galician craft sector. For the second consecutive year the programme aims to promote the generational replacement in Artesanía de Galicia, facilitating the learning of trades and the integration of tradition within the demands of contemporary society. For this programme, a budget of one million euros is earmarked for the training of apprentices in professional craft workshops, registered in the General Handicraft Register of Galicia. Applications are welcome until the deadline on September 16th. Students must have a degree or professional training to be eligible for grants.

The training agreement, signed by the craftsmen and apprentices, includes a contract for non-labour internships of a maximum of twelve months, and a minimum of six. Weekly working hours are limited to a maximum of forty hours per week and a minimum of twenty. Depending on the workday, each workshop will receive an amount of 200-400 euros per month to cover the corresponding costs of working materials and Social Security. Apprentices will receive up to 800 euros per month in the case of a full time workday. If the company has six or more workers, up to two agreements may be subsidised simultaneously.





“A convocatoria destas axudas ofrece unha nova contribución á posta en valor e actualización dos oficios...”

“La convocatoria de estas ayudas ofrece una nueva contribución a la puesta en valor y actualización de los oficios...”

“As a result, the announcement of these grants offers a new contribution to the valorisation and updating of crafts...”

Adaptado ás necesidades propias do sector, o proxecto aposta por unha formación dual, teórica e práctica, que permita ás persoas beneficiarias obter unha ampla bagaxe cultural e técnica que se recoñecerá cun certificado acreditativo expedido polo taller e coa posibilidade de solicitar a Carta de Artesán ao final do período de formación. Continúase así abrindo camiño á incorporación de novas voces e miradas que permitan tender pontes entre tradición e modernidade, revalorando o noso pasado para facelo protagonista das necesidades do presente.

Ademais da esfera socio-cultural, a actividade artesanal galega logrou conformar un tecido empresarial sólido e competitivo, xerando riqueza desde unha oferta produtiva rica e diversificada. Tal como lembrou Conde na súa intervención, Artesanía de Galicia é hoxe unha marca consolidada e de recoñecido prestixio que ano a ano expón o seu talento en feiras de referencia en Londres, Estocolmo, París ou Milán. Así, a convocatoria destas axudas ofrece unha nova contribución á posta en valor e actualización dos oficios, supondo ademais un impulso comercial que permitirá continuar situando a marca Galicia no epicentro da artesanía internacional. Exemplo diso son os máis de 3.000 artesáns e 635 talleres que se atopan hoxe en funcionamento, dando traballo a máis de 5000 persoas e confirmando o seu impacto cultural, económico e turístico.

Adaptado a las necesidades propias del sector, el proyecto apuesta por una formación dual, teórica y práctica, que permita a las personas beneficiarias obtener un amplio bagaje cultural y técnico que se reconocerá con un certificado acreditativo expedido por el taller y con la posibilidad de solicitar la Carta de Artesano al final del periodo de formación. Se continúa así abriendo camino a la incorporación de nuevas voces y miradas que permitan tender puentes entre tradición y modernidad, revalorizando nuestro pasado para hacerlo protagonista de las necesidades del presente.

Además de la esfera socio-cultural, la actividad artesanal gallega ha logrado conformar un tejido empresarial sólido y competitivo, generando riqueza desde una oferta productiva rica y diversificada. Tal como recordó Conde en su intervención, Artesanía de Galicia es hoy una marca consolidada y de reconocido prestigio que año a año expone su talento en ferias de referencia en Londres, Estocolmo, París o Milán. Así, la convocatoria de estas ayudas ofrece una nueva contribución a la puesta en valor y actualización de los oficios, suponiendo además un impulso comercial que permitirá continuar situando la marca Galicia en el epicentro de la artesanía internacional. Ejemplo de ello son los más de 3.000 artesanos y 635 talleres que se encuentran hoy en funcionamiento, dando trabajo a más de 5000 personas y confirmando su impacto cultural, económico y turístico.

The project has been adapted to the needs of the sector, and is committed to a dual, theoretical and practical training that allows the beneficiaries to obtain a broad cultural and technical background. This will be recognised with a certificate issued by the workshop and with the possibility of applying for the Craftsman Card at the end of the training period. In this way, we continue to lead the way to incorporate new voices and viewpoints that allow us to build bridges between tradition and modernity, revaluing our past to make it the protagonist of the present's needs.

In addition to the socio-cultural sector, Galician craftsmanship has managed to form a solid and competitive business network, generating wealth from a rich and diversified productive offer. As Conde recalled in his speech, Artesanía de Galicia is today a consolidated brand of recognised prestige that shows its talent every year in leading fairs in cities including London, Stockholm, Paris and Milan. As a result, the announcement of these grants offers a new contribution to the valorisation and updating of crafts, as well as a commercial impulse that will allow the Galicia brand to continue to be placed at the epicentre of international craftsmanship. An example of this can be seen in the more than 3,000 artisans and 635 workshops that are currently in operation, employing more than 5,000 people and confirming their cultural, economic and touristic impact.



Miguel Ángel Tapia. Un continuador da imaxinaría castelá



“Este curso, ategado de experiencias, permitiu un diálogo entre oficios e culturas onde os participantes puideron empaparse dos modos de facer tradicionais...”

Desde o seu taller de imaxinaría *Aquí se hacen Santos* situado en Viana de Cega (Valladolid), Miguel Ángel Tapia mantén vivo o legado de grandes escultores barrocos que, coma o mestre galego Gregorio Fernández, puxeron o foco na talla relixiosa alcanzando un singular estilo que chegaría a converterse en paradigma de toda unha época: a escola castelá. As súas pezas non só capturan a esencia da tradición en canto a materiais, formas e estilo, senón que albergan toda unha cultura, unha historia, capaz de estender a súa simboloxía até a actualidade.

Dentro do festival *Música no Claustro 2018* en Tui, dedicado este ano á figura de Diego de Avellaneda

(bispo da cidade entre 1526 e 1537) Miguel Ángel Tapia impartiu unha conferencia e un taller intensivo de imaxinaría castelá que contou co apoio da Fundación Pública Artesanía de Galicia e do CEARCAL, Centro Regional de Artesanía de Castilla y León. Unha oportunidade para aproximarse ás mesmas técnicas que empregaron os antigos mestres imaxineiros lembrando, ademais, a implicación de Diego de Avellaneda na renovación arquitectónica e cultural da sede tudense. Este curso, ategado de experiencias, permitiu un diálogo entre oficios e culturas onde os participantes puideron empaparse dos modos de facer tradicionais practicando o pulido, a policromía, os dourados ou as técnicas básicas da talla en madeira.

Miguel Ángel Tapia. Un continuador de la imaginería castellana

Desde su taller de imaginería *Aquí se hacen Santos* ubicado en Viana de Cega (Valladolid), Miguel Ángel Tapia mantiene vivo el legado de grandes escultores barrocos que, como el maestro gallego Gregorio Fernández, pusieron el foco en la talla religiosa alcanzando un singular estilo que llegaría a convertirse en paradigma de toda una época: la Escuela castellana. Sus piezas no solo capturan la esencia de la tradición en cuanto a materiales, formas y estilo, sino que albergan toda una cultura, una historia, capaz de extender su simbología hasta la actualidad.

Dentro del festival *Música no Claustro 2018* en Tui, dedicado este año a la figura de Diego de Avellaneda (obispo de la ciudad entre 1526 y 1537) Miguel Ángel Tapia impartió una conferencia y un taller intensivo de imaginería castellana que contó con el apoyo de la Fundación Pública Artesanía de Galicia y CEARCAL, Centro Regional de Artesanía de Castilla y León. Una oportunidad para aproximarse a las mismas técnicas que emplearon los antiguos maestros imagineros recordando, además, la implicación de Diego de Avellaneda en la renovación arquitectónica y cultural de la sede tudense. Este curso, plagado de experiencias, permitió un diálogo entre oficios y culturas donde los participantes pudieron empaparse de los modos de hacer tradicionales practicando el pulido, la policromía, los dorados o las técnicas básicas de la talla en madera.

Miguel Ángel Tapia. A sucesor of Castilian imagery

From his imagery workshop *Aquí se hacen Santos* in Viana de Cega (Valladolid), Miguel Ángel Tapia keeps alive the legacy of great baroque sculptors who, like the Galician master Gregorio Fernández, put the focus on religious carving; reaching a singular style that would become a paradigm of an entire era: the Castilian School. His pieces not only capture the essence of tradition in terms of materials, forms and style, but also house an entire culture — a history capable of extending its symbolism to the present day.

As part of the festival *Música no Claustro 2018* in Tui, this year dedicated to the figure of Diego de Avellaneda (bishop of the city between 1526 and 1537), Miguel Ángel Tapia gave a lecture and an intensive workshop on Castilian imagery with the support of the Fundación Pública Artesanía de Galicia and CEARCAL (Centro Regional de Artesanía de Castilla y León). This was an opportunity to approach the same techniques used by the old imaginary masters, also recalling Diego de Avellaneda's involvement in the architectural and cultural renovation of the Tui building. This experience-rich course allowed a dialogue between trades and cultures where the participants could immerse themselves in the traditional ways of crafts, practising polishing, polychromy, gilding or the basic techniques of wood carving.



Tras formarte na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos de Valladolid, creaches o teu taller de imaxinaria castelá Aquí se hacen Santos en 1994. Que che levou a elixir esta disciplina artesá e cal é a súa significación na actualidade?

A Escola de Artes de Valladolid desde que entrei en 1982 ata que terminei en 1987 estaba nunha situación experimental en canto a formación. Eu realiceí tres cursos comúns nos que se impartían talleres de debuxo artístico e técnico, modelado, baleirado e ebanistería. Despois especialiceime en técnicas de volume e descubrí a talla en madeira, o dourado e a policromía. É importante mencionar que a especialidade de imaxinaria castelá desaparecera por falta de alumnado. Con todo, cos coñecementos que adquirira, unha vez acabada a miña formación empecei a recibir os primeiros encargos. Entre eles destaca a realización dun paso de Semana Santa para Valladolid representando a escena do prendemento de Cristo. Todo isto fixo que me decantase por iniciar unha traxectoria e abrir o meu taller de imaxinaria castelá. Tendo en conta que estamos a empregar procedementos antigos, estes oficios sostéñense grazas a pequenos talleres con mestres que, á súa vez, aprenderon doutros. A día de hoxe os encargos son bastante escasos e mantémonos grazas á formación e á relación coa restauración e coa conservación do patrimonio.

“Este curso, plagado de experiencias, permitiu un diálogo entre oficios y culturas donde los participantes pudieron empaparse de los modos de hacer tradicionales...”

“This experience-rich course allowed a dialogue between trades and cultures where the participants could immerse themselves in the traditional ways of crafts...”



Tras formarte en la Escuela de Artes Aplicadas y Oficios Artísticos de Valladolid, creaste tu taller de imaginería Castellana Aquí se hacen Santos en 1994. ¿Qué te llevó a decantarte por esta disciplina artesana y cuál es su significación en la actualidad?

La Escuela de artes de Valladolid desde que entré en 1982 hasta que terminé en 1987 estaba en una situación experimental en cuanto a formación. Yo realicé tres cursos comunes en los que se impartían talleres de dibujo artístico y técnico, modelado, vaciado y ebanistería. Después me especialicé en técnicas de volumen y descubrí la talla en madera, el dorado y la policromía. Es importante mencionar que la especialidad de imaginería castellana había desaparecido por falta de alumnado. Sin embargo, con los conocimientos que había adquirido, una vez acabada mi formación empecé a recibir los primeros encargos. Entre ellos destaca la realización de un paso de Semana Santa para Valladolid representando la escena del prendimiento de Cristo. Todo esto hizo que me decantara por iniciar una trayectoria y abrir mi taller de imaginería castellana. Teniendo en cuenta que estamos empleando procedimientos antiguos, estos oficios se sostienen gracias a pequeños talleres con maestros que, a su vez, han aprendido de otros. A día de hoy los encargos son bastante escasos y nos mantenemos gracias a la formación y a la relación con la restauración y conservación del patrimonio.

After training at the Escuela de Artes Aplicadas y Oficios Artísticos in Valladolid, you created your workshop of Castilian imagery Aquí se hacen Santos in 1994. What made you decide on this craft discipline and what is its present significance?

The Escuela de Artes in Valladolid was in an experimental training situation from the time I joined in 1982 until I finished in 1987. I attended three core courses in which workshops were given on artistic and technical drawing, modelling, casting and woodworking. Then, I specialised in volume techniques and discovered wood carving, gilding and polychromy. It is important to mention that the specialisation in Castilian imagery had disappeared due to the absence of students. However, thanks to the knowledge that I had acquired, once I finished my training I began to receive the first orders. Among them was the production of a float for Holy Week processions in Valladolid, representing the scene of the arrest of Christ. All of this encouraged me to start a career and open my workshop of Castilian imagery. Bearing in mind that we are using old procedures, these trades are supported thanks to small workshops with teachers who, in turn, have learned from others. Today the commissions are quite scarce and we are maintained thanks to training and the relationship with the restoration and conservation of heritage.



“Durante o taller visitamos a catedral de Tui apreciando os retablos, as esculturas e o cadeirado para afianzar os coñecementos aprendidos”



Traballas con materiais tradicionais. Cales son as principais diferenzas de tratamento e acabado fronte a ferramentas modernas?

O nome de *Aquí se hacen Santos* alude ao cartel que o mestre imaxineiro galego Gregorio Fernández tiña na porta do seu taller en Valladolid no S.XVI. O que quero transmitir é que todos os procesos, as técnicas e os materiais son os mesmos que se utilizaban antigamente. O esencial é contar cun bo modelo escultórico e, a partir de aí, o uso de ferramentas modernas (tipo control numérico, fresadoras e corte láser) permite acelerar os procesos de reprodución e copia. Isto permite abaratar custos pero suprime o carácter exclusivo da peza. Outra cuestión a ter en conta é que o acabado manual, o pulido, a policromía, os dourados, os estofados, as pátinas, etc. non os consegue ningunha máquina.

Trabajas con materiales tradicionales. ¿Cuáles son las principales diferencias de tratamiento y acabado frente a herramientas modernas?

El nombre de *Aquí se hacen Santos* alude al cartel que el maestro imaginero gallego Gregorio Fernández tenía en la puerta de su taller en Valladolid en el S.XVI. Lo que quiero transmitir es que todos los procesos, técnicas y materiales son los mismos que se utilizaban antiguamente. Lo esencial es contar con un buen modelo escultórico y, a partir de ahí, el uso de herramientas modernas (tipo control numérico, fresadoras y corte láser) permite acelerar los procesos de reproducción y copia. Esto permite abaratar costes pero suprime el carácter exclusivo de la pieza. Otra cuestión a tener en cuenta es que el acabado manual, el pulido, la policromía, los dorados, los estofados, las pátinas, etc. no los consigue ninguna máquina.

You work with traditional materials. What are the main differences in treatment and finishing compared to modern tools?

The name *Aquí se hacen Santos* refers to the poster that the Galician imagery master, Gregorio Fernández, had on the door of his workshop in Valladolid in the 16th century. What I want to transmit is that all the processes, techniques and materials are the same that were used in the past. The essentials are a good sculptural model. From there, the use of modern tools — such as numerical control, milling machines and laser cutting — speeds up the reproduction and copying processes. This makes it possible to reduce costs but eliminates the exclusive character of the piece. Another thing to bear in mind is that manual finishing, polishing, polychromy, gilding, estofado, patinas, etc., are not achieved by any machine.



“Durante el taller visitamos la catedral de Tui apreciando los retablos, las esculturas y la sillería para afianzar los conocimientos aprendidos”

“During the workshop we visited the cathedral of Tui, appreciating the altarpieces, sculptures and stalls to consolidate the knowledge learned”

Entre el 4 y el 7 de agosto de 2018 impartiste un taller intensivo de imaginería castellana dentro del programa Música no Claustro. Cuéntanos cómo fue la experiencia y qué conceptos y técnicas se trabajaron.

El curso fue una iniciación a la imaginería contando los procesos y experimentación sobre materiales como la madera de pino, tilo y abedul. También hablamos de técnicas de reproducción como la máquina de puntos y se realizaron ejercicios de anatomía. Previamente fue necesario dar a conocer los métodos de afilado y afinado y realizar ejercicios básicos de talla para dominar el material (madera) y las herramientas (gubias). Durante el taller visitamos la catedral de Tui apreciando los retablos, las esculturas y la sillería para afianzar los conocimientos aprendidos. Como complemento impartí una conferencia sobre la policromía, el dorado y el plateado aplicados a la imaginería. Sería interesante ampliar estos conceptos con una segunda parte del curso donde pudieran experimentarse estas técnicas.

¿Cómo se relacionó el taller y sus contenidos con el programa Música no Claustro?

El punto de partida fue la conexión entre el obispo Diego de Avellaneda, el Museo Nacional de Escultura en Valladolid, donde se encuentra su sepulcro, y la imaginería castellana, que tuvo su epicentro en la ciudad del Pisuerga a lo largo del S.XVI. El curso se desarrolló en un ambiente de trabajo muy particular en el que tuvimos la ocasión de compartir espacio con los músicos durante

Between August 4 and 7, 2018, you gave an intensive workshop on Castilian imagery as part of the programme Música no Claustro. Tell us how the experience was and which concepts and techniques were taught.

The course was an initiation to imagery. It explained the processes and experimentation on materials such as pine wood, lime wood and birch wood. We also talked about reproduction techniques such as the pointing machine and anatomy exercises were carried out. Previously, it was necessary to introduce the sharpening and tuning methods and to perform basic carving exercises to master the material (wood) and the tools (gouges). During the workshop we visited the cathedral of Tui, appreciating the altarpieces, sculptures and stalls to consolidate the knowledge learned. As a complement, I gave a lecture on polychromy, gilding, and silver-gild applied to imagery. It would be interesting to extend these concepts with a second part of the course where these techniques could be experimented.

How did the workshop and its contents relate to the program Música no Claustro?

The starting point was the connection between Bishop Diego de Avellaneda, the Museo Nacional de Escultura in Valladolid, where his tomb is located, and the Castilian imagery, which had its epicentre in the city of Pisuerga throughout the 16th century. The course took place in a very particular working environment in



sus ensayos. Al final de las clases, muchos alumnos se quedaban a escuchar los conciertos y los músicos también se pasaron por el taller para ver lo que estábamos haciendo. Fue muy gratificante.

¿Cuál fue el perfil del alumnado que acudió al curso y cómo se percibe la imaginaria desde otras disciplinas artesanas?

Muy variado en edad y conocimientos: desde los que estaban familiarizados con la talla en piedra, pasando por los que querían conocer la talla en madera hasta profesores de escuelas de arte. Y también una orfebre, Susi Gesto, que experimentó con los materiales llevándolo a su oficio. Empleando los mismos motivos que utiliza con el metal, modificó tamaños y materiales formulando nuevos conceptos. Todas estas experiencias demuestran que se pueden aglutinar estilos y que la innovación depende de la capacidad de cada uno.

¿Qué tipo de sinergias se produjeron durante el taller?

Se creó una situación muy interesante de interrelación de oficios que permitió compartir técnicas y procesos. Esto enriquece el sector. Por ejemplo, los alumnos canteros descubrieron que la madera, aún siendo un material más blando, tiene un comportamiento diferente a la piedra. Además, el taller sirvió como punto de encuentro para crear contactos e intercambiar ideas, relacionando personas de disciplinas diferentes que con el tiempo pueden poner en común capacidades y conocimientos.

which we had the opportunity to share space with the musicians during their rehearsals. At the end of the classes, many students stayed to listen to the concerts, and the musicians also stopped by the workshop to see what we were doing. It was very gratifying.

What was the profile of the students who attended the course and how is imagery perceived from other craft disciplines?

It was extremely varied in age and knowledge, from those who were familiar with stone carving, through to those who wanted to know wood carving to art school teachers. A goldsmith, Susi Gesto, also attended and experimented with materials and brought it to her craft. Using the same motifs she uses with metal, she modified sizes and materials to, formulate new concepts. All these experiences show that styles can be brought together and that innovation depends on the capacity of each one.

What kind of synergies occurred during the workshop?

A very interesting situation of interrelation of trades was created that allowed to share techniques and processes. This enriches the sector. For example, the stonemasons discovered that wood — although a softer material — has a different behaviour than stone. In addition, the workshop served as a meeting point to create contacts and exchange ideas, relating people from different disciplines that, over time, can pool together their skills and knowledge.



Entre o 4 e o 7 de agosto de 2018 impartiches un taller intensivo de imaxinaria castelá dentro do programa Música no Claustro. Cóntanos como foi a experiencia e que conceptos e técnicas se traballaron.

O curso foi unha iniciación á imaxinaria contando os procesos e experimentación sobre materiais como a madeira de piñeiro, de tileiro e de bidueiro. Tamén falamos de técnicas de reprodución como a máquina de puntos e realizáronse exercicios de anatomía. Previamente foi necesario dar a coñecer os métodos de afiado e de afinado e realizar exercicios básicos de talla para dominar o material (madeira) e as ferramentas (gubias). Durante o taller visitamos a catedral de Tui apreciando os retablos, as esculturas e o cadeirado para afianzar os coñecementos aprendidos. Como complemento impartín unha conferencia sobre a policromía, o dourado e o prateado aplicados á imaxinaria. Sería interesante ampliar estes conceptos cunha segunda parte do curso onde puidesen experimentarse estas técnicas.

Como se relacionou o taller e os seus contidos co programa Música no Claustro?

O punto de partida foi a conexión entre o bispo Diego de Avellaneda, o Museo Nacional de Escultura en Valladolid, onde se atopa o seu sepulcro, e a imaxinaria castelá, que tivo o seu epicentro na cidade do Pisuerga ao longo do S. XVI. O curso desenvolveuse nun ambiente de traballo moi particular no que tivemos a ocasión de

compartir espazo cos músicos durante os seus ensaios. Ao final das clases, moitos alumnos quedaban a escoitar os concertos e os músicos tamén pasaron polo taller para ver o que estábamos a facer. Foi moi gratificante.

Cal foi o perfil do alumnado que acudiu ao curso e como se percibe a imaxinaria desde outras disciplinas artesás?

Moi variado en idade e en coñecementos: desde os que estaban familiarizados coa talla en pedra, pasando polos que querían coñecer a talla en madeira até profesores de escolas de arte. E tamén unha ourive, Susi Gesto, que experimentou cos materiais levándoo ao seu oficio. Empregando os mesmos motivos que utiliza co metal, modificou tamaños e materiais formulando novos conceptos. Todas estas experiencias demostran que se poden aglutinar estilos e que a innovación depende da capacidade de cada un.

Que tipo de sinerxías se produciron durante o taller?

Creouse unha situación moi interesante de interrelación de oficios que permitiu compartir técnicas e procesos. Isto enriquece o sector. Por exemplo, os alumnos canteiros descubriron que a madeira, aínda sendo un material máis brando, ten un comportamento diferente á pedra. Ademais, o taller serviu como punto de encontro para crear contactos e intercambiar ideas, relacionando persoas de disciplinas diferentes que co tempo poden pór en común capacidades e coñecementos.



Novos talentos en Artesanía de Galicia

Nuevos talentos en Artesanía de Galicia

New talents in Artesanía de Galicia

Un ano máis destacamos as novas incorporacións e os novos talentos que se unen ao sector e á marca Artesanía de Galicia, entre os que se atopa este ano a gañadora da Bolsa Eloy Gesto 2018, Cristina Velasco, do obradoiro Anaquiños de Papel. Novas visións da artesanía que chegan para contribuír ao relevo xeracional e a enriquecer un sector con novas interpretacións de pezas e de oficios, materiais innovadores e produtos nos que o deseño contemporáneo desenvolve un papel fundamental.

Un año más destacamos las nuevas incorporaciones y nuevos talentos que se unen al sector y a la marca Artesanía de Galicia, entre los que se encuentra este año la ganadora de la Beca Eloy Gesto 2018, Cristina Velasco, del taller Anaquiños de Papel. Nuevas visiones de la artesanía que llegan para contribuir al relevo generacional y enriquecer un sector con nuevas interpretaciones de piezas y oficios, materiales y productos en los que el diseño contemporáneo desempeña un papel fundamental.

Once again, this year we would like to highlight the new registrations and new talents that have joined the sector and the Artesanía de Galicia brand. Among them is included this year's winner of the 2018 Eloy Gesto Scholarship Award, Cristina Velasco, from the Anaquiños de Papel workshop. New visions of craftsmanship that contribute to generational change and improve a sector with new interpretations of pieces and crafts, innovative materials, and products in which contemporary design plays a fundamental role.



O universo en papel

Moitas veces, aquilo que inicialmente comeza como un *hobby* termina converténdose na principal forma de vida dos seus impulsores. Non hai unha fórmula máxica para conseguilo pero si moita tenacidade e confianza detrás de cada traballo. Tamén paixón e talento, dous sinais de identidade da artesanía galega que **Anaquiños de papel** aplica día a día a cada unha das súas creacións.

Nada na Coruña no ano 2012, detrás desta firma atópanse Bea e Cris, dúas irmás fascinadas polo mundo do deseño que deciden emprender unha nova aventura configurando a súa propia marca. Avaladas por un traballo que evoluciona ano a ano, foron recoñecidas coa Bolsa Eloy Gesto nos Premios Artesanía de Galicia 2018, algo que valoran como un impulso para a súa carreira: “Ver que desde a nosa terra valórase o noso traballo fainos moita ilusión. Ademais permítenos seguir formándonos tanto artística como empresarialmente. Porque

un obradoiro artesanal é unha empresa e para poder xestionala fai falta formación”. Formación que recibirán en Londres da man do colectivo Paper Artist.

A súa historia é inspiradora: “Bea é arquitecta e Cris avogada, ambas traballamos nos nosos sectores pero, cansadas da inestabilidade laboral, decidimos apostar por Anaquiños”. De formación autodidacta “aprendemos vendo vídeos, lendo libros e asistindo a cursos”, sempre se sentiron atraídas pola necesidade de crear, de descubrir os diferentes universos, obxectos e historias que poden nacer, neste caso, dun simple anaco de papel. Na universidade Bea empezou a interesarse pola papiroflexia e o que comezou como unha forma de evasión derivou nun blogue onde mostraba os seus traballos. Posteriormente, Cris animouse a recuperar o seu eu creativo e ambas terminaron conformando o tándem artístico que agora coñecemos.

El universo en papel

Muchas veces, aquello que inicialmente comienza como un *hobby* termina convirtiéndose en la principal forma de vida de sus impulsores. No hay una fórmula mágica para conseguirlo pero sí mucha tenacidad y confianza detrás de cada trabajo. También pasión y talento, dos señas de identidad de la artesanía gallega que **Anaquiños de papel** aplica día a día a cada una de sus creaciones.

Nacida en A Coruña en el año 2012, detrás de esta firma se encuentran Bea y Cris, dos hermanas fascinadas por el mundo del diseño que deciden emprender una nueva aventura configurando su propia marca. Avaladas por un trabajo que evoluciona año a año, han sido reconocidas con la Bolsa Eloy Gesto en los Premios Artesanía de Galicia 2018, algo que valoran como un impulso para su carrera: “Ver que desde nuestra tierra se valora nuestro trabajo nos hace mucha ilusión. Además nos permite seguir formándonos tanto artística como empresarialmente. Porque un taller artesanal es una empresa y para poder gestionarla hace falta formación”. Formación que recibirán en Londres de la mano del colectivo Paper Artist.

Su historia es inspiradora: “Bea es arquitecta y Cris abogada, ambas trabajamos en nuestros sectores pero, cansadas de la inestabilidad laboral, decidimos apostar por Anaquiños”. De formación autodidacta “aprendimos viendo vídeos, leyendo libros y asistiendo a cursos”, siempre se han sentido atraídas por la necesidad de crear, de descubrir los diferentes universos, objetos e historias

The universe on paper

In many occasions, what initially begins as a hobby ends up becoming the main way of life of its promoters. There is no magic formula to achieve it, but there is a lot of tenacity and trust behind each job. Also passion and talent, two hallmarks of Galician craftsmanship that **Anaquiños de Papel** applies every day to each of his creations.

Anaquiños de Papel was created in A Coruña in 2012. Behind this firm are Bea and Cris, two sisters captivated by the world of design who decided to embark on a new adventure by creating their own brand. Endorsed by a work that keeps evolving year after year, they have been recognized with the Eloy Gesto Scholarship in the Artesanía de Galicia 2018 Awards, something they value as a boost for their career: ‘We are very excited to see that our work is valued here at home. It also allows us to continue our artistic and business training. Because a craft workshop is a company and to be able to run it requires training.’ They will receive a training in London from the Paper Artist collective.

Their story is inspiring: ‘Bea is an architect and Cris is a lawyer. We both work in our sectors but, tired of the instability in our jobs, we decided to go for Anaquiños.’ They are self-taught learners and have always been attracted by the need to create,

“...paixón y talento, dos señas de identidade de la artesanía gallega que **Anaquiños de papel** aplica día a día a cada una de sus creacións”

“...passion and talent, two hallmarks of Galician craftsmanship that **Anaquiños de Papel** applies every day to each of his creations”



“...paixón e talento, dous sinais de identidade da artesanía galega que Anaquiños de papel aplica día a día a cada unha das súas creacións”

ANAQUIÑOS DE PAPEL
Rúa Fernando Macías, 11, 5º D. A Coruña
anaquinosdepapel@gmail.com
www.anaquinosdepapel.com

Carta de artesán / carta de artesano
/ craftsman card n° 11085

Obradoiro artesán / taller artesano
/ craft workshop n° 11043



Empregando o papel como única materia prima, pasaron de realizar pequenos adornos florais a traballar en sectores como a moda ou o interiorismo. Recientemente colaboraron coa firma Little Creative Factory na O80 Barcelona Fashion para a que prepararon oito prendas que resultaron gañadoras do premio á mellor colección. Tamén conquistaron o ámbito da mercadotecnia e a decoración de eventos, a súa serie de lámpadas de origami “Luces do Norte” está a ser solicitada en diferentes países do mundo e nos últimos anos colaboraron con empresas como Inditex ou Loewe e ocuparon as páxinas de revistas como Vogue. Para elas é “un soño” que lles ofrece

visibilidade e a posibilidade de facer traballos moi potentes pero “o verdadeiro éxito é poder vivir da artesanía”.

Actualmente comercializan os seus produtos a través da súa tenda online pero pronto buscarán máis puntos de venda e lanzarán unha liña de decoración didáctica, que xa iniciaron co seu Kit DIY de origami, coa idea de que “a xente coñeza esta arte e poida gozar dos seus beneficios”. Agradecidas con Artesanía de Galicia polo seu “inmejorable labor para facer chegar moi lonxe a marca”, falan da “maxia” dun oficio no que “ningunha peza é igual a outra”.

que pueden nacer, en este caso, de un simple trozo de papel. En la universidad Bea empezó a interesarse por la papiroflexia y lo que comenzó como una forma de evasión derivó en un blog donde mostraba sus trabajos. Posteriormente, Cris se animó a recuperar su yo creativo y ambas terminaron conformando el tándem artístico que ahora conocemos.

Empleando el papel como única materia prima, han pasado de realizar pequeños adornos florales a trabajar en sectores como la moda o el interiorismo. Recientemente han colaborado con la firma Little Creative Factory en la O80 Barcelona Fashion para la que prepararon ocho prendas que resultaron ganadoras del premio a la mejor colección. También han conquistado el ámbito del marketing y la decoración de eventos, su serie de lámparas de origami “Luces



to discover the different universes, objects and stories that can be born, in this case, from a simple piece of paper: ‘we learned by watching videos, reading books and attending courses’. At university, Bea became interested in origami and what began as a form of evasion led to a blog showing her work. Later, Cris encouraged herself to recover her creative self and both ended up forming the artistic tandem we see today.

Using paper as their only raw material, they have gone from making small floral decorations to working in sectors such as fashion or interior design. They have recently worked with the firm Little Creative Factory in the O80 Barcelona Fashion for which they prepared eight garments that won the prize for best collection. They have also conquered the field of marketing and event decoration: their series of origami lamps

do Norte” está siendo solicitada en diferentes países del mundo y en los últimos años han colaborado con empresas como Inditex o Loewe y ocupado las páginas de revistas como Vogue. Para ellas es “un sueño” que les ofrece visibilidad y la posibilidad de hacer trabajos muy potentes pero “el verdadero éxito es poder vivir de la artesanía”.

